

Lingua oral, calidade da lingua e futuro do galego

Xosé Ramón Freixeiro Mato
freixei@udc.es

Existe un amplo consenso, cando menos no ámbito académico, a respecto de que o galego está nun dificultoso proceso de normalización, aínda non conseguida e con graves atrancos para a súa culminación, sobre a cal se formulan serias dúbidas. Tamén ten un alto grao de aceptación a aseveración de a lingua falada, sobre todo a nivel popular, mais igualmente en determinados ámbitos formais como o político, presentar moitas interferencias da súa lingua teito, o español. A partir desta situación, as consecuencias dela derivadas xa non suscitan tal grao de consenso: en canto para unhas persoas estas interferencias poñen en perigo a propia viabilidade futura do galego, para outras non son especialmente relevantes nin preocupantes, pois son un efecto normal do contacto de linguas existente na Galiza. Destes posicionamentos derivan tamén propostas de planificación lingüística diferentes, unhas a incidiren na calidade da lingua como ferramenta imprescindible para a normalización e outras que conceden pouca ou ningunha importancia a este aspecto. Quen acredita na primeira das opcións adoita facer as seguintes preguntas: pódese normalizar unha lingua gravemente interferida nas súas estruturas internas sen corrixir esta situación, cando menos minimamente?; é a hibridación unha solución para a normalización do galego?

O autor destas liñas acredita firme e honestamente en que non é posíbel normalizar unha lingua fondamente castelanizada e que as propias persoas que a falan valorizan pexorativamente como produto da contaminación e mestura con outra lingua que socialmente goza de maior prestixio. E non o considera posíbel polo feito en si propio, mais porque os membros da comunidade lingüística –utentes activos/as ou pasivos/as do idioma en diferentes graos– nunca apostarán seriamente na normalización dunha lingua que perciben como falta de autenticidade, de rigor e de coherencia. O prestixio é necesario para a revitalización dun idioma e só se pode

conseguir desde a calidade e a autenticidade. Encontrámonos co paradoxo de que unha parte importante das persoas galegofalantes non acredita na viabilidade da lingua que fala e para conseguir que o faga é preciso ofrecerlle un modelo seguro e auténtico, o cal supón en certo modo desautorizar algúns trazos dunha forma de falar en que eles mesmos non acreditan embora practiquen. Non é tarefa doada mellorar esa práctica lingüística, mais tampouco semella lóxico considerar tal tentativa como despropositada ou desconsiderada coas persoas que falan o galego popular. A partir do respecto destas, trátase de lle ofertar ao pobo un modelo que aos ollos del propio se torne máis críbel, coherente e prestixioso. É posíbel que moitos destes falantes nunca cheguen a utilizar ese modelo máis auténtico, mais tamén é probábel que acaben por acreditar nel e por contribuíren dalgún modo para a súa implantación. A alternativa é deixar que avance o proceso de castelanización (ou hibridación) e, en definitivo, a consumación da substitución lingüística a longo prazo.

Desde o inicio destas páxinas quero deixar claro o meu respecto por todas as linguas e por todas as persoas que as falan, mais tamén non quero ocultar o compromiso persoal coa normalización do galego, única lingua que sinto como propia e que hoxe está seriamente ameazada, nomeadamente pola presión do español, do cal debe distanciarse para poder sobrevivir. Neste sentido, paréceme oportuno lembrar as seguintes palabras de Joan Coromines (1976: 278):

Por outra parte, os meus deberes están do lado do catalán, a única lingua miña. O castelán e o galego-portugués son idiomas irmáns, que teño estudado profundamente; para o galego-portugués a miña profunda simpatía, para o castelán a desconfianza que merece unha lingua que pretende devorar ás outras. Mas a miña obrigación é unicamente para con o meu único idioma: o catalán.

1. Introducción: o proceso de substitución lingüística na Galiza

A imposición do castelán desde finais da Idade Media como lingua do poder e a consecuente marxinação e menosprezo do galego foron xerando nas clases superiores galegas que aspiraban a manter ou incrementaren a súa posición a conveniencia de mudaren o seu idioma propio polo da nova clase dirixente foránea. Vaise iniciar así lentamente unha tentativa de mobilidade social ascendente asociada á mudanza de idioma e que comeza polas clases

altas, mais que se vai ir estendendo ás intermedias. Este proceso avanza ininterrompida mais lentamente ao longo do período do galego medio e continúa de maneira progresivamente acelerada na época contemporánea, con dúas consecuencias principais: erosión das estruturas internas do galego pola presión da lingua foránea e decrecemento constante do número de falantes pola mesma razón. Antes de nos determos na primeira destas consecuencias, analicemos con brevidade a segunda, pois ambas poñen en serio perigo a sobrevivencia do idioma propio da Galiza.

O galego foi perdendo falantes lentamente durante os últimos séculos, mais sempre conservou a condición de lingua maioritaria na sociedade galega. Porén, nas últimas décadas o proceso de substitución lingüística acelerouse de modo vertixinoso, de xeito que no tránsito do século XX ao XXI parece terse rompido definitivamente a cadea da transmisión interxeracional do galego ao mesmo tempo que perdía a súa condición de lingua maioritaria (Freixeiro 2010c: 24-31). Como afirma Monteagudo (2005: 417-418), a situación sociolingüística galega caracterízase nestas últimas décadas “por un dinamismo impresionante: non se trata dunha evolución a paso lixeiro, trátase propiamente dunha conxuntura crítica, se cadra, dunha auténtica *catástrofe*”, a lle dar a este termo un valor descritivo e non expresivo, definidor dun período “de turbulencia, de aceleración brusca, de acumulación exponencial e precipitación repentina dunha serie de mutacións de distinto carácter”. A dinámica do contacto entre o galego e o español segue dúas vías complementares: a da substitución, que neste caso supón unha perda constante de galegofalantes e o consecuente incremento dos castelanfalantes, e a da asimilación ou proceso de castelanización progresiva das formas e estruturas internas do galego.

Canto ao número de falantes, a mudanza de século supón o momento máis crítico da historia da lingua galega, de seren fiábeis os datos máis recentes do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega (González 2007 e 2009). Con todo, os estudos cuantitativos no tránsito intersecular sitúan aínda o galego nunha posición maioritaria, embora nunha deriva descendente que o converte xa en minoritario no conxunto do mundo urbano e entre a xente nova. E xa ben introducidos no século XXI vai transparecendo a realidade de o galego se estar a converter en lingua minoritariamente falada na Galiza e, en troca, de o español ir emerxendo como lingua maioritaria da sociedade galega, alén de conservar o seu status de lingua de máis prestixio e de poder que tivo nos últimos cinco séculos. O camiño que a partir desta constación se perfila para un futuro máis ou menos próximo non é o dun bilingüismo equilibrado ou harmónico como o dun bilingüismo con dominio cada vez maior do español (Freixeiro 2010c:

20-31)¹. E para un futuro a medio e longo prazo o camiño da substitución lingüística fica certamente expedito, como máis unha posibilidade entre outras.

Procesos semellantes de substitución dunha lingua por outra veñen producíndose desde hai moitos séculos e na actualidade estanse a dar dunha forma acelerada, conducindo á morte de moitas linguas e con previsións totalmente catastróficas para a manutención da diversidade lingüística no presente século. Como tamén acontece cos seres vivos, algunhas linguas corren serio risco de desaparición e outras xa desapareceron co transcurso do tempo. O galego está inserido neste proceso global (Freixeiro 2010b) e non constitúe ningunha excepción que o deixe á marxe: a súa salvación ou morte vai depender da política lingüística que na Galiza desenvolveren os poderes públicos e en último extremo da vontade da comunidade de falantes. Mais a planificación lingüística debe prestar atención simultaneamente á perda de falantes e á deturpación das estruturas internas, aspecto neste caso concreto nada difícil pois ambos os factores están intimamente relacionados e son interdependentes, cal vasos comunicantes.

2. A interferencia e a morte por dentro da lingua galega

O galego é unha lingua romance que vén sufrindo durante séculos un lento e longo proceso de substitución lingüística que implica redución progresiva de falantes e penetración constante de castellanismos de todo o tipo, desde os fonéticos aos morfosintácticos², léxicos e pragmáticos, a afectan gravemente as súas estruturas internas, nomeadamente na oralidade (Regueira 2012a: 34-39, 2013), e pondo en perigo tanto a manutención dos seus trazos máis singulares como o seu propio futuro. Que resistise nese longo percurso máis de quíntos anos de forte presión non garante que continúe a resistir no porvir, entre outras razóns porque o proceso foi deixando moitas pegadas en forma de interferencias lingüísticas e porque na actualidade os medios de presión da lingua teito son moito maiores, ao

1 De facto, no MSG-04 xa se constata a “notoria perda do bilingüismo de maioría galego nos hábitat intermedios e a considerable suba do maioritario en castelán”, ben como que “o bilingüismo con predominio de castelán é maioritario na Coruña, Ourense, Pontevedra, Lugo e Santiago” (González 2009: 52-53).

2 Véxase Silva (2006: 225): “a hipótese inicial de que ‘entre as xeracións máis novas a influencia do castelán se está a estender á morfoloxía e á sintaxe’ se viu ratificada cos datos da investigación” (p. 231).

tempo que a capacidade de resistencia da lingua cuberta é moito menor. Xa non é só o léxico o que se castelaniza, tamén as estruturas gramaticais inclusive da xente nova escolarizada en parte en galego e con dez anos de aprendizaxe desta lingua na escola, como se deduce dun traballo de investigación ao respecto:

Esta información confirma o momento ‘crítico’ no que se atopa esta última lingua [o galego] desde o punto de vista estrutural por mor da presión do castelán que, como idioma dominante na situación de contacto, exerce sobre ela unha influencia crecente, unhas veces directamente a través da substitución das formas autóctonas por outras foráneas e, noutras ocasións, mediante fórmulas máis indirectas como a ultracorreción ou a desaparición das formas diverxentes a favor das converxentes (Silva 2006: 241).

Estamos, pois, nun momento crítico segundo deduce Silva Valdivia do seu estudo; non o din só as persoas que veñen insistindo na necesidade de mellorar a calidade da lingua. Parece claro que o galego está entre as linguas ameazadas do mundo (Freixeiro 2010a) e que os dous grandes perigos que a ameazan –perda de falantes e erosión interna– van intimamente ligados, de modo que a actuación planificada sobre un repercute no outro e ambos deben ser coordinadamente atendidos para deter o proceso de substitución. Non se trata de reincidirmos morbosamente na posibilidade da morte do galego, tema recorrente no debate lingüístico, mais tampouco se deben fechar os ollos á realidade para dese modo xustificar a inacción en calquera deses campos. A recuperación ou revitalización do galego debe implicar, é evidente, a fidelidade das persoas que actualmente o falan e a incorporación doutras novas. Mais tamén debe presupor a conservación dos seus trazos estruturais internos que o singularizan como lingua diferenciada, potenciándoos todo o que for preciso face a aqueloutros que son produto da interferencia, sen iso implicar ningunha renuncia á necesaria innovación e adecuación ás necesidades comunicativas e expresivas da sociedade presente e futura. Como non parece posíbel deter a perda de falantes sen deter a degradación interna do idioma, de aí que o tema da calidade da lingua se poña en primeiro plano no proceso de normalización lingüística (Sanmartín Rei 2009).

Alén da perda de usos e funcións, o proceso de substitución tamén implica erosión da lingua, diminución da calidade e empobrecemento xeral. Boix & Vila (1998) falan de *encongment lingüístic* para se referiren ás perturbacións de carácter estrutural que sofre un idioma: reestruturacións morfosintácticas, desaparecemento de vocabulario especializado e básico, redución das

distincións lingüísticas e cognitivas esenciais etc. A progresiva interrupción da reprodución dunha lingua implica, pois, moito frecuentemente consecuencias estruturais, xa que a lingua recesiva fica cada vez máis so a influencia da expansiva seguindo un proceso de substitución lingüística que encerra un período dunha certa alternancia de códigos. Cando este proceso substitutorio se prolonga durante moito tempo ese ‘encollemento’ ou ‘contracción’ da lingua costuma incorporar diversas mudanzas: converxencia gramatical coas estruturas da lingua dominante, relexificación progresiva da lingua recesiva a partir do léxico da expansiva, nivelación interna das propias estruturas con base na analogía e redución estilística (Boix & Vila 1998: 262).

Así pois, neste proceso prodúcese un aumento gradual da ‘interferencia’, que Uriel Weinreich (1979: 1) define como a desviación das normas dunha lingua que se produce na fala de persoas bilingües como resultado da súa familiaridade con máis de unha lingua, isto é, como resultado do contacto de linguas. Hai propostas de substitución deste termo por ‘transferencia’ (Freitas 2008: 69) para evitar as connotacións negativas daquela, dándolle o significado de influencia que unha lingua exerce sobre outra e, en concreto, o uso nunha lingua B dun trazo característico da lingua A; o ‘empréstimo’ é un tipo de transferencia que consiste na substitución dun termo da lingua B por outra da lingua A ou na introdución dunha forma de A inexistente en B. Tamén é de utilidade a noción de ‘converxencia’ como transferencia de estruturas dunha lingua a outra sen resultado agramatical e ‘calco’ como a incorporación desde a lingua A dun significado que se asocia a unha forma xa existente na lingua B (Moreno 1998: 264-266). Todos estes conceptos son de directa aplicación ao galego, que está a seguir un proceso avanzado de disolución no español, sobre todo no plano oral e popular, pola vía da interferencia ou transferencia, do empréstimo, da converxencia ou do calco, estes dous últimos casos especialmente perigosos por pasaren en xeral máis desapercibidos.

No entanto, entre as diferentes propostas denominativas para o estudo das consecuencias do contacto de linguas na Galiza continúa a ser clarificadora a de Kabatek (1997) que, alén do máis, toma o galego como base de exemplificación e integra as distintas tipoloxías so o rótulo xeral de ‘interferencia’, o cal tamén responde á tradición maioritaria no contacto entre galego e español. Fala este autor, en primeiro lugar, de interferencia positiva –aquela que produce elementos positivamente presentes na lingua–, que pode ser ‘interferencia de transposición’, consistente no deslocamento de elementos dun sistema a un discurso doutro (p. e., utilización de *calle*, *carretera*, *pueblo* en galego), ou ‘hipercorrección’, interferencia consistente na aplicación

de regras de conversión de elementos dunha lingua en casos onde estes son comúns ás dúas linguas en contacto, a se crearen novos elementos inexistentes en ambas (p. e., *hourizonte*, *ambiente* ou *ámeto* en galego). En segundo lugar, hai unha interferencia negativa –aquela que consiste na non-realización de certos elementos no discurso por causa da interferencia–, que pode ser ‘interferencia de converxencia’, consistente na realización preferente dos elementos da zona de confluencia entre as dúas linguas en contacto (p. e., non realizar en galego *bágoa* ou *beizo*), e ‘interferencia de diverxencia’, non-realización ou realización pouco frecuente dos elementos da zona común ás dúas linguas (p. e., relegar en galego *lágrima* ou *labio*). Esta interferencia negativa produce en galego textos nun principio correctos onde a interferencia non é comprobábel, o cal a torna máis difícil de detectar. Os catro tipos de interferencia poden afectar todos os planos da lingua (fonético, morfolóxico, sintáctico, léxico) e tamén afectaren tanto o significado como o significante.

Ben é certo, con todo, que a interferencia de transposición no plano léxico tivo historicamente unha especial incidencia no proceso de evolución do galego, mais tamén foi e está a ser moi importante, nomeadamente no ámbito oral, a interferencia de converxencia, como ben explicita unha gravación recollida en Fernández Rei & Hermida (1996: 116-117), onde unha moza aldeá que pasou a morar na cidade reprende con dureza unha veciña idosa da súa mesma aldea por pedir nunha loxa da cidade un quilo de uvas “mouras”: –¡Di negras! ¡Di negras! Esa é unha palabra moi mal dita. Como afirma Kabatek (1997: 228-229) após comentar este mesmo exemplo, a interferencia de converxencia “acerca a los hablantes a la lengua de contacto e indica la voluntad de este acercamiento”, a facer parte dos “procesos de pérdida léxica y de progresiva muerte del gallego”. Non é este un mal específico do galego, mais algo común ás linguas que sofren tales procesos, segundo o mesmo autor: “La integración progresiva de léxico de la lengua de contacto es el primer capítulo de una larga historia de la ‘muerte por dentro’ de una lengua”. As linguas, pois, poden morrer tamén por descomposición ou erosión interna, por unha doenza que as roe por dentro se non se atalla o seu mal. Á morte do galego conducirá inevitabelmente tanto a despreocupación por esta doenza como a súa ocultación so o rótulo de proceso de hibridación e converxencia (cf. Gugenberger 2013, Iglesias 2013, Ramallo 2013 ou O’Rourke & Ramallo 2013, entre outros traballos que se están a publicar nos últimos tempos). Xa hai tempo que C. García (1976: 342-343) falaba do longo “proceso de integración” do galego no castelán e concluía que, de non haber mudanzas no status das linguas, “no estará muy lejos el día en que una de ellas haya absorbido [...] la otra”. Non é necesario esclarecer cal sería a lingua absorbida.

Tamén son de interese para o galego as consideracións de Hagège (2000: 104) a respecto da erosión interna das linguas; xulga este autor que as partes máis estruturadas dunha lingua, a fonoloxía e a gramática, que constitúen o seu núcleo duro, son tamén as máis resistentes á influencia dunha lingua estranxeira; porén, o léxico é un dominio menos estruturado e máis aberto ao empréstimo, que en si mesmo non se pode considerar unha causa da morte das linguas, pois prodúcese en todas elas, mais que se torna preocupante cando invade todos os dominios. Neste sentido apunta que nunha situación hipotética de bilingüismo en igualdade non sería preocupante a alternancia de códigos, mais cando se trata dun “bilinguisme d’inégalité” é cando esta se converte en perigosa para a lingua dominada; neste caso os marcadores discursivos da lingua dominante pasan a ser a “colonne avancée en direction de l’invasion lexicale”, na medida en que “c’est la prolifération des marqueurs discursifs de la langue dominante, introduits dans un discours en langue dominée avec alternance des codes, qui prépare la voie à l’engouffrement des emprunts lexicaux” (Hagège 2000: 106). Após os marcadores discursivos, virá por tanto “l’offensive en masse” do léxico a través dos empréstitos; e do léxico pasaríase á gramática³. No proceso de erosión interna das linguas, segundo este mesmo autor (Hagège 2000: 109-115), aínda que se produce unha diversidade de situacións, na maior parte dos casos as partes duras resisten máis tempo que o léxico, mais cando estas se ven afectadas, o que primeiro desaparece é a gramática, a se producir unha perda de oposicións esenciais que constitúen os aspectos máis específicos da fonoloxía e na morfoloxía unha forte redución das variacións entre formas, véndose tamén afectadas as categorías gramaticais, as construcións sintácticas⁴, a orde de palabras ou os mecanismos de subordinación.

O proceso de erosión caracterízase igualmente pola perda de trazos recibivos (peculiares de cada lingua e estatisticamente raros no conxunto das linguas humanas), as nivelacións analóxicas e a substitución de estruturas densas por “formulations diluées” (eliminación das irregularidades, utilización de perífrases en substitución da palabra adecuada, uso de calcos), a *expolition* ou emprego consecutivo dunha palabra da lingua dominante e

3 Para o propio Hagège (2000: 108), “on observe une corrélation entre le taux d’emprunt et le degré de déstabilisation de la phonologie et de la grammaire; la langue exposée à cette pression remplace ses systèmes propres par d’autres systèmes, dont l’expansion croissante annonce la mort de cette langue”.

4 A se referir á substitución dos clíticos de acusativo polos de dativo entre a xente nova, afirma Silva (2006: 227) que “a norma sintáctica do galego mostra nestes casos tamén unha inestabilidade bastante forte e que se está a producir un proceso de converxencia co esquema do castelán”.

da dominada, a redución de rexistros de estilo, a *survivance de strates* ou supervivencia de trazos da lingua en vías de extinción que no demais xa fica somerxida, a permanente flutuación ou variación libre dun fonema a outro ou dunha forma a outra nas últimas etapas, como se a lingua fose un obxecto á deriva, para terminar na etapa final dos *vieillards muets*, isto é, cando só fican como falantes persoas idosas que os lingüistas persequen como informantes e testemuñas dunha lingua en extinción que eles propios só son quen de balbuciren ou farfallaren. Aínda sinala Hagège (2000: 122-125) que nas últimas etapas dun proceso de erosión a lingua fica excluída de calquera uso natural e relegada a un emprego ritual, como peza de museo; e que, xunto co purismo rigoroso –“le purisme des moins compétents”–, a hipercorrección é unha actitude típica da *obsolescence* das linguas que anuncia a súa próxima morte:

Parmi les caractéristiques de la langue érodée des sous-usagers, il en est une qu’il convient de mettre à part et d’inscrire au dossier des marques de vie renouvelée qui sont, en fait, des indices de mort proche. Ce sont les hypercorrections, ou emplois fautifs par application trop large d’une règle au champ étroit, ou par prorogation artificielle d’un usage ancien disparu dans la langue moderne [...].

Le trait dominant de ces phénomènes est, en fait, l’instabilité. Il n’y a pas de limite observable aux hypercorrections, ni de règle que en organise la répartition. Il n’y a pas davantage de délimitation précise, et encore moins concertée, des domaines auxquels devront s’appliquer des prescriptions puristes. Tout au contraire, il manque cruellement aux semi-locuteurs une vue cohérente de ce que pourrait être une défense de la norme (Hagège 2000: 125).

Parece especialmente oportuna esta cita para tentarmos establecer unha relación entre o proceso de erosión sinalado por este autor e o seguido pola lingua galega, pois precisamente as tendencias puristas ou enxebriantes e a hipercorrección ou diferencialismo caracterizaron todo o proceso de elaboración dun modelo de galego culto e literario desde as dúas últimas décadas do século XIX até o ano 1936 (Fernández Salgado & Monteagudo 1993: 210-212).⁵ Neste período o diferencialismo “acabou lexitimándose como resposta efectiva nunha estratexia antiasimilista” porque xa existía na altura o “temor á disolución do idioma” pola presión da lingua dominante, o cal “axuda tamén a explica-la aparición dos chamados *hipergaleguismos*

5 Neste traballo redixido en inglés falan de “a new stage of *enxebrista* Galician (purist and differentialist)” so o rótulo de “Puristic Galician” e nunha posterior versión ampliada, en galego, denominan esa etapa como “Galego enxebrista ou diferencialista” (Fernández Salgado & Monteagudo 1995: 153-140).

e *pseudogaleguismos* por unha parte e a abundantísima proliferación de *vulgarismos* e *popularismos* diferenciadores por outra” (Fernández Salgado & Monteagudo 1995: 123). O que o caso galego vén a demostrar é que non necesariamente estes fenómenos se producen na fase final da substitución lingüística, a non ser que recoñecésemos que o galego leva máis de cen anos nesa fase; cando estas tendencias agromaron o galego aínda era a lingua única de 90% da poboación e a situación actual revélanos que é posíbel a súa reversión, pois en boa medida, a través do ensino e da socialización dun modelo de lingua culta, tales tendencias están en claro recuamento. No entanto, cómpre termos en conta que a loita contra a castelanización estivo centrada desde fins do século XIX no galego escrito, onde se ten avanzado moito, mais tal avance non se produciu na mesma medida no galego oral, que hoxe presenta un maior grao de deturpación castelanizadora tanto na fala popular rural como na urbana.

De todos os xeitos, con particularidades específicas canto á secuenciación temporal e á duración, o proceso descrito por Hagège é aplicábel ao galego nos seus grandes trazos: importación de marcadores discursivos do castelán (Freixeiro 2005: 110-170) como columna avanzada da invasión lexical (Noia 1982, Graña 1991, Parga 2004 etc.), alteracións gramaticais progresivas desde hai séculos (castelanismos morfolóxicos e sintácticos), mudanzas fonolóxicas (introdución do fonema fricativo velar xordo /x/, deslateralización da consoante líquida palatal, consonantización da semivogal anterior en *maio* ou *xoia*, neutralización de oposicións funcionais no vocalismo de grao medio, non-realización de /ŋ/, igualación da pronuncia de /s/ e /ʃ/ etc.), perda de trazos singulares do galego (futuro de subxuntivo, infinitivo flexionado, complementos directos sen preposición etc.), nivelacións analóxicas (*animales*, *partiu/comiu* etc.), calcos masivos, perda de rexistros case absoluta (Castro Lopes 2010), sobrevivencia do estrato galego nas persoas que mudaron de galegofalantes a castelanfalantes etc. Aínda que o galego conserva un amplo emprego natural, o proceso de ritualización e ‘museificación’ está en andamento; e tanto as tendencias puristas ou enxerbrizantes como a hipercorrección –pseudogaleguismos e diferencialismos– están vigorantes desde finais do século XIX, como se dixo.

A deriva do galego camiña, por tanto, na dirección sinalada por Hagège, aínda que con tempos propios, e neste sentido pódese afirmar que ten un grao de erosión moito forte, da cal non se libra o galego popular (Dubert 2005). Desá erosión é unha boa mostra, por un lado, o libro de Graña Núñez (1993) que leva por título, ben significativo, *Vacilacións, interferencias e outros ‘pecados’ da lingua galega*, onde a penetración de castelanismos se pon en relevo en todos os niveis lingüísticos; nun traballo

previo este mesmo autor afirmaba que as “interferencias do castelán poden computarse por milleiros, e constitúen unha das ameazas máis serias para a lingua galega, intrinsecamente falando” (Graña 1991: 69). Por outro lado, temos diferentes traballos de Regueira (1994, 1997, 1999, 2005, 2009, 2012a, 2013 etc.) que veñen insistindo na perda de trazos fónicos do galego tradicional e a súa substitución por outros propios do castelán (vocalismo tónico e pretónico con cinco vogais, vocalismo átono final coincidente co do español, problemas na realización de /ŋ/ e da consoante postalveolar /ʃ/ etc.) en ámbitos onde se utiliza a lingua estándar, nomeadamente a radio e a televisión públicas galegas (Regueira 2013: 8-10), de modo que persoas con bo dominio da gramática e do léxico “non teñen reparo en falar cunha fonoloxía e cunha fonética que está moito máis preto do español ca do galego”, xurdindo unha nova variedade galega coas cinco vogais do castelán que “non se coñecía ata o de agora” (Regueira 2012a: 37). Igualmente, Dobao (1999: 365) advirte do perigo de “diluí-lo sistema fonolóxico do galego e equiparalo substancialmente ó do castelán”.

No entanto, tamén convén resaltar a intervención correctora que se produciu nas últimas décadas, con resultados esperanzadores, polo menos nos usos formalizados da lingua. Se hai medio século o galego se podía mesmo considerar como unha lingua á deriva en permanente flutuación tanto na fala como na escrita, hoxe só se mantén esta situación no ámbito oral de determinados grupos sociais; e está lonxe da etapa final dos ‘vellos mudos’. O que a experiencia do galego está a demostrar é que se torna posíbel reverter o proceso de erosión interna dunha lingua no ámbito formalizado e o que lle falta por demostrar é se iso tamén é posíbel a nivel da fala popular. Todo parece apuntar nesta dirección se se implementaren políticas lingüísticas adecuadas; por tanto, o galego está en condicións de demostrar que é posíbel a inversión da mudanza lingüística, porque unha lingua é “a resource that can be augmented, developed and modified” (Fishman 1991: 7).

Por iso que para deter o proceso de substitución na Galiza non é suficiente con parar a perda de falantes, tamén cómpre frear o proceso de castelanización das estruturas internas e restituír a calidade da lingua, concepto que se comezou a colocar de forma máis explícita na primeira liña da normalización do galego nos últimos tempos (Sanmartín Rei 2009, Freixeiro 2009), após ter sido obxecto de preocupación constante por unha parte da intelectualidade galega dos dous séculos precedentes, precisamente aquela máis comprometida co país e co seu idioma (cf. a modo de exemplo García Blanco 1912: 10, ben como os traballos de Sánchez Rei, Ferreiro ou Tato neste mesmo volume). Inclusive Ramón Piñeiro, nun informe presentado na Real Academia Galega, falaba da “contaminación que exerce o castelán,

lesionando e desplazando formas e xeitos enxebres a través do seu monopolio cultural oficial” (en Santamarina 2009: 11) e propuña como criterio a ter en conta a “pureza fonética ou etimolóxica” para reducir a multiplicidade de polimórfica existente no galego (p. 14).

3. O galego oral e as súas variedades

A diversidade e a variación fan parte integrante da linguaxe humana, de modo que se dan en todas e todos os falantes e en todos os momentos históricos dunha lingua viva, a constituíren a base da mudanza lingüística. Así pois, a variación é unha característica inherente a todas as linguas que se produce por diversos factores (cronolóxico, xeográfico, contextual, estráctico e profesional, étnico-cultural, xenérico ou de sexo, etáreo, individual etc.), con frecuencia interrelacionados, e que unhas veces está xerada internamente e outras provocada por axentes externos; mais en todo o caso a variación lingüística fai parte da condición humana (Sánchez Rei 2011: 27-144). Inclusive podemos dicir que a variación é o modo de as linguas existiren. Neste sentido, o galego non pode constituír ningunha excepción, máis ben todo o contrario: a súa ausencia secular do sistema educativo e a carencia dun estándar até hai pouco tempo facilitaron o desenvolvemento espontáneo da variación, sen freos que a limitasen. Alén disto, a situación de contacto entre galego e castelán durante séculos propiciou a aparición de variedades híbridas por interferencia entre os dous sistemas lingüísticos, unhas de galego castelanizado, outras de castelán galeguizado e mesmo outras difíceis de clasificarmos, segundo se verá.

3.1. Variedades lingüísticas faladas na Galiza

Aínda que o obxectivo é prestarmos máis atención ás variedades do galego oral, comecemos por ver de forma sintética unha panorámica sobre as variedades lingüísticas utilizadas na Galiza de acordo con algúns dos estudosos que abordaron esta cuestión en momentos diferentes. En primeiro lugar, Constantino García (1976) fala de catro modalidades lingüísticas –castelán (norma), castelán agallegado, galego castelanizado (“chapurrao”) e galego–, aínda que na realidade establece dúas dominantes: un “dialecto agallegado del castellano” que substituíu a variedade estándar e no cal se expresarían a maior parte das persoas residentes en “ciudades y villas” –“los más afortunados socialmente”– e outro “dialecto castellanizado del gallego” en que se expresarían a totalidade das persoas residentes en “pueblos y aldeas” –“los menos afortunados socialmente”–; en canto as persoas

falantes do primeiro se considerarían a si propias boas falantes do español, as que falan o segundo –a que chamarían “chapurrao”– teríanse por “malos hablantes de la lengua gallega y no sienten orgullo de hablarla”, a xulgaren que só as persoas idosas e os habitantes de lugares afastados do seu falan ben o galego. Após a descrición dos trazos lingüísticos de cada un destes dous “dialectos”, reafirma que “en 1975, el dialecto chapurrao es el medio de expresión lingüística en el campo y el dialecto agallegado es el medio normal en la ciudad, si bien todavía las clases obrera y media baja son en cierto grado bilingües”, acrecentando que por extensión territorial “el chapurrao está aún en ventaja sobre el agallegado”. Non deixa de ser significativo ese “aún” que sinala unha situación transitoria en dirección ao castelán agallegado, ben como a constatación de que a norma do castelán funciona como a única norma lingüística “que el pueblo trata de imitar” para as catro modalidades sinaladas por este autor (García 1976: 341-342). Non esquezamos, con todo, que isto foi escrito no ano en que morre o ditador Franco, antes de se pór en andamento o proceso de normalización lingüística.

Nun traballo publicado cando este proceso xa levaba máis de unha década de percurso, Álvarez Cáccamo (1989) fala dun contínuum interlingüístico galego <—> español que ten nun extremo as diferentes linguas normativas ou diferentes formas do ‘galego estándar’, no medio unha serie de etapas denominadas ‘galego urbano’, ‘galego interferido’, ‘español acastrapado’ e ‘español subestándar’, e no outro extremo o ‘español estándar da Galiza’. Por un lado estaría un reducido grupo de variedades normativas de orixe urbana que iniciaban o seu desenvolvemento interno na procura da aceptación social en situacións formais, por outro un conxunto de falas coloquiais basicamente rurais e usadas no ámbito familiar e local, e por último un “conjunto de variedades interferidas galego-espanhol, sistemas relativamente autónomos situados em diversos pontos” daquel hipotético contínuum que vai do galego ao español, ou viceversa, e que son utilizadas nas zonas periféricas das grandes cidades.

Poco tempo despois Monteagudo & Santamarina (1993) postulan seis variedades lingüísticas na Galiza, catro máis ou menos estâbeis –‘galego estándar’, ‘galego popular’, ‘castelán estándar’ e ‘castelán rexional’– e dúas que consideran moito inestâbeis –‘castrapo’ e ‘chapurrao’–; posteriormente Monteagudo (2005) desenvolverá e ampliará estas modalidades, como veremos a seguir. Mais antes aínda podemos facer referencia ás tres variedades que sinala Vidal Figueiroa (1997) para a área de Vigo, se callar adaptábeis ao conxunto do país: ‘vigués tradicional’, ‘galego urbano culto’ e ‘castelán’; e nomeadamente aos sociolectos propostos por Dubert (2002). Afirmo este estudioso que na Galiza se producen dous continúos lingüísticos, un en que

se constata a existencia de variedades lingüísticas galegas e outro en que se verifica a presenza de variedades lingüísticas castelás, a actuaren as linguas normativas respectivas como ‘teito’ de todas elas. Estas variedades faladas na Galiza serían: (i) variedades de galego de prestixio máis baixo (‘basilectos galegos’), (ii) variedades de castelán moi interferidas polo galego (‘basilectos casteláns’), (iii) variedades intermedias de galego (‘mesolectos galegos’) que se diferencian polas formas galegas que conservan e polos trazos do castelán que incorporan, (iv) variedades intermedias do castelán (‘mesolectos casteláns’) que se distinguen entre si polos galeguismos que conteñen, (v) variedades de máis prestixio do galego (‘acrolectos galegos’) que encerran formas do estándar ou estándares galegos máis unha serie de hiperenxebrismos, lusismos, castelanismos e dialectalismos galegos, (vi) variedades de máis prestixio do castelán (‘acrolectos casteláns’) que conteñen diferentes tipos de formas galegas e dialectalismos non estigmatizados polas persoas falantes destas variedades; por último, (vii) outras variedades utilizadas por castelanfalantes que empregan o galego (‘novo galego urbano’). O que máis convén resaltar para os propósitos que aquí interesan é que o acrolecto galego –variedade do ‘galego estándar’ con formas excluídas del– “comeza hoxe a subordinar o basilecto galego, que deixa de orientarse só cara ó castelán e que tamén pasa a converxer co galego estándar”, sendo esperábel “a creación dun novo contínuum que una basilecto e o acrolecto galegos a través de varios *mesolectos endoglósicos* (por teren o galego como lingua á que tenden)” (Dubert 2002: 22); face a isto, tamén sinala o autor a existencia de ‘mesolectos exoglósicos’ ou variedades galegas que teñen o castelán por acrolecto. Aliás, é igualmente de interese a consideración de que o ‘novo galego urbano’ –“variedades que presentan unha fonoloxía e unha sintaxe moi castelanizadas e unha morfoloxía e un léxico moi próximos ós das variedades estándar”– constitúe unha modalidade “localizada na fala de grupos sociais con prestixio” que pola súa capacidade de influencia “cumpriría situala á mesma altura có acrolecto galego”; mesmo comezaría a haber na actualidade “falantes que teñen como lingua materna algún tipo de *novo galego urbano*” (Dubert 2002: 25). De estas presuposicións serén certas, para o cal serían necesarios outros estudos complementares, por un lado poderían abrirse novas expectativas de futuro para a lingua galega por se enxergar a posibilidade de deter e mesmo reverter o proceso de castelanización e, por outro, reafirmaríase a necesidade de incidir na relevancia da calidade da lingua entre as persoas neofalantes tamén como factor de recuperación do galego.

Por seu turno, Monteagudo (2005: 420–422) distingue sete sociolectos falados na Galiza, dos cales tres son modalidades do español: (i) ‘castelán exemplar’ das clases altas e medio-altas urbanas, (ii) ‘castelán rexional’ das

clases medio-baixas urbanas e das camadas medias semiurbanas e rurais, e (iii) ‘castelán vulgar’ das clases populares (nomeadamente urbanas e semiurbanas) e das clases medio-baixas semiurbanas e rurais. Os outros catro son variedades do galego: (i) ‘galego exemplar’ que apenas está materializado e que ten máis presenza na escrita do que na oralidade, (ii) ‘galego común’ de sectores das clases medias urbanas e semiurbanas con nivel de instrución de medio a alto, (iii) ‘galego (popular) tradicional’ de sectores das clases populares semiurbanas e das camadas populares rurais, e por último (iv) ‘galego popular (urbano)’ de clases populares urbanas e sectores das clases medias semiurbanas e rurais. Alén disto, sinala tres interlectos galegos: (i) ‘castrapo’ (ou castelán intencional), (ii) ‘galego chapurreado’ (ou galego intencional) e (iii) ‘paragalego’ (ou neogalego urbano). Prescindindo das modalidades de español, que non fan parte do obxectivo deste traballo, interesan nomeadamente algunhas consideracións a respecto dos diferentes tipos de galego. Así, o ‘galego exemplar’ practicamente non tería existencia na oralidade, o cal debería ser un feito moito preocupante para o futuro da lingua e vén a redundar na importancia que se debe dar á audición dese modelo de lingua de calidade na esfera pública. Ao mesmo tempo, o ‘galego (popular) tradicional’ parece estar “a aproximarse ao castelán vulgar e rexional (deriva histórica)”, embora tamén estea “experimentando o influxo do galego común (tendencia recente)”; certamente, sería interesante podermos medir ou comprobar empiricamente tal tendencia e, en todo o caso, facer chegar a ese importante segmento da poboación un modelo coherente e prestixiado que incite á imitación. Isto valería tamén para o ‘galego popular (urbano)’, que se nos presenta como “marcadamente castelanizado” e coa súa posición “seriamente erosionada pola forte competencia que sofre do castelán rexional e vulgar, e en menor medida, do galego común”. Tendo en conta que este ‘galego común’ só se vulga “medianamente depurado e uniforme”, parece necesario avanzar no reforzo da súa autenticidade e, en definitivo, da súa calidade para que socialmente sexa percibido como coherente e serio. Un galego exemplar ou de calidade como horizonte para estas tres modalidades, aínda sabendo que poucas veces se vai alcanzar, preséntase como vía recomendábel e eficaz.

Canto aos interlectos sinalados por Monteagudo, tórnase difícil discernir nalgún caso entre un ‘galego intencional’ ou ‘chapurreado’ e un ‘castelán intencional’ ou ‘castrapo’, nomeadamente cando na sociedade xa se adoptou maioritariamente este último termo para todos os casos de mestura de códigos; ao mesmo tempo, dá a impresión de os casos de uso intencional dun galego mal falado serén moito minoritarios a respecto dos casos de persoas que falan un castelán con galeguismos. De todas as formas, e tal como afirma tamén este autor, é evidente que nos faltan datos para unha análise rigorosa

e que “cómpre realizar un maior esforzo de investigación empírica neste terreo, que se atopa francamente desatendido” (Monteagudo 2005: 421-422). Neste sentido, só cabería acrecentar que unha investigación deste tipo pode ser de máis interese que os tradicionais estudos cuantitativos onde a persoa informante unicamente se pronuncia sobre se usa o galego, o español ou os dous. Non é indiferente sabermos se o sociolecto ou interlecto que fala é dun tipo ou doutro, pois isto tamén permite tirarmos conclusión a respecto da situación actual e das perspectivas de futuro da lingua.

En síntese, dando por certo que, con maior ou menor precisión, todas estas clasificacións conteñen unha boa parte de verdade na descrición da realidade sociolingüística galega, non nos podemos queixar de falta de variedades lingüísticas ou de pouco riqueza sociolectal e interlectal. Certamente, a sociedade galega é un bo banco de probas para o estudo da variación lingüística e de procesos de hibridación ou mestizaxe de linguas. Se callar, poderíamos dicir que con menos tamén nos entenderíamos, mais as cousas son como son. Con todo, de sumarmos os sete sociolectos e os tres interlectos indicados por Monteagudo, teríamos dez modalidades lingüísticas faladas na Galiza, como dez eran os mandamentos da lei divina; e así como estes se reducen a dous, tamén aquelas se poden resumir en dúas: un galego máis ou menos (case se podería preencher unha escala de 0 a 10 con modelos que irían desde case nada até moito) e dunha forma ou doutra (fonética, morfoloxía, sintaxe, léxico) castelanizado e un castelán máis ou menos galeguizado (cada vez menos)⁶; algo así xa se viña a indicar en García (1976) e se explicita en Iglesias (2013: 171): “nun extremo do contínuum o galego estándar e no polo oposto o español estándar, situándose no medio todas as variedades híbridadas, con maior ou menor grao de mestura”. O preocupante para o futuro do galego é que a maioría destas modalidades máis ou menos híbridadas marcan a vía de confluencia co español; como indica Dubert (2002: 19, nota 4), non se pode falar dun proceso de crioulización, mais si dun “proceso de *dialectalización por subordinación* do galego con respecto ó castelán”.

6 Aínda que é difícil medir o grao de galeguización do español utilizado na Galiza, nun estudo sobre a presenza do galego no “Léxico Disponible do Español de Galicia” (LDEG) de alumnado de segundo de bacharelato dise: “O número de voces presentes nas listaxes do LDEG que amosan dunha ou outra maneira influencia do galego é de 2606, o que supón o 0.85% do total de palabras que figuran nas listaxes” (Álvarez de la Granja & López Meirama 2013: 63). Acho que esa percentaxe inferior ao 1% de galeguismos no español nada ten que ver coa de castelanismos no galego, tendo en conta alén do máis que que “son esencialmente a lingua usual dos falantes e o hábitat os elementos que determinan, en número e tipoloxía, a produción de formas galegas” (p. 91); isto é, polo xeral persoas galegofalantes habituais do mundo rural.

3.2. Modelos de galego oral

Nas modalidades lingüísticas faladas na Galiza que se acaban de ver na sección anterior xa fican incluídas diferentes variedades de galego oral. Na realidade, case todas, aínda que non conste explicitamente, van referidas basicamente á oralidade, pois hoxe en día, salvo casos particulares con finalidades satírico-burlescas e humorísticas en variedades híbridadas ou episódicas nalgunha lingua estranxeira, dominan dúas modalidades lingüísticas na escrita: o castelán estándar e un galego tamén estándar, embora este poida seguir diferentes orientacións normativas (a oficial maioritaria, a reintegracionista da Associação Galega da Língua e a norma portuguesa ou norma internacional do galego). Tamén se escriben, é certo, textos en galego con diferentes graos de interferencia do español, mais a extensión de servizos de asesoramento lingüístico ás institucións públicas e a algunhas entidades privadas importantes, ben como o labor de revisión e corrección de textos que realizan as diversas editoras que publican en galego, fan que unha boa parte desas interferencias, nomeadamente aquelas máis detectábeis que afectan a ortografía, a morfoloxía e o léxico, non cheguen ao público. Con todo, non faltan castelanismos clamorosos nalgún texto institucional, publicitario ou mesmo en obras literarias por falta de pericia ou dilixencia da persoa responsábel da supervisión.

Non podemos dicir, pois, que na escrita se detivo por completo o proceso de degradación interna da lingua e que, por consecuencia, desapareceron os perigos anteriormente existentes, mais o certo é que se avanzou moito no que respecta á visibilización dun modelo de lingua escrita máis correcto e de calidade. Non aconteceu o mesmo na oralidade, onde posibelmente o proceso de deturpación castelanizadora continúe a avanzar a ritmo cada vez máis acelerado, salvo nunha minoría máis ou menos reducida de profesionais e persoas con especial preocupación pola lingua; nin sequera o sistema educativo parece conseguir a mellora da calidade da lingua oral espontánea das persoas novas, como se pode ver en Formoso (2013) e xa se deducía en Kabatek (2000). Alén do máis, cómpre ter en conta que a maioría da xente nova xa non fala habitualmente galego.

En Dubert (2005: 274) establécense dúas variedades que non manteñen unha completa homoxeneidade interna: un ‘galego culto ou elaborado’ que aparece nos enunciados orais e escritos máis formais ou institucionais e un ‘galego popular, vernáculo ou non elaborado’ propio de enunciados xeralmente falados que están máis afastados do mundo oficial. En canto a primeira variedade se adquiriría normalmente fóra do ámbito familiar, ás veces a través do ensino regrado, a segunda sería adquirida no seo da familia de xeito informal. Divide este autor o galego popular, por súa vez, en dúas sub-

variedades: o ‘galego popular urbano’ ou lingua galega popular que falan as persoas galegofalantes das cidades e do mundo periurbano, e ‘galego popular rural’ ou ‘galego tradicional’, que é o galego falado nas aldeas fundamentalmente por persoas idosas sen estudos; estes dous tipos de galego popular diferéncianse entre sí pola cantidade e pola calidade de trazos historicamente galegos e casteláns que presentan, a se deducir da análise estrutural que realiza “la fuerte intensidad del contacto del castellano en el gallego popular urbano, que padece un grado de castellanización que afecta a la fonología, la morfología, la sintaxis y el léxico” (Dubert 2005: 290); mais tamén sinala este autor ao longo do traballo numerosos castellanismos no ‘galego popular rural’, nomeadamente no léxico, mais tamén nos outros planos da lingua, mesmo algúns no plano fónico (realización como /x/ da gheada, igual que en *colegio*, desaparición do fonema lateral palatal e talvez do seseo etc.).

Son os traballos de X. L. Regueira os que máis especificamente se centran no estudo do galego oral e das súas modalidades, con especial atención ao plano fónico. Sinala tres principais variedades sociais na actualidade: ‘galego popular’, ‘galego estándar’ e ‘novo galego urbano’ (Regueira 1999: 865-872). Canto ao primeiro, defíneo como “a continuación da lingua histórica galega falada polas clases populares, fundamentalmente pola poboación rural e das pequenas vilas, aínda que tamén polas clases baixas das vilas grandes e cidades”; como trazos máis característicos sinala que no plano fónico se afasta de maneira moi marcada do español, que a gramática corresponde de maneira global coa da lingua estándar e que no léxico presenta numerosos castellanismos, tanto históricos como actuais, estando en transo de desaparición os termos máis diferenciais a respecto do español (p. e. *xeonllo*, *mouro*); alén disto, é o modelo de máis baixa valorización social, inclusive entre as propias persoas que o usan, mais tamén é “un elemento de identidade dos membros destes grupos sociais”. O ‘galego estándar’ é para Regueira “unha variedade consolidada en ambientes urbanos de clase media, entre xentes relacionadas con actividades públicas, sexan de tipo cultural, académico ou político”; estaría a ser utilizado como rexistro formal de falantes nativos e nativas de galego popular, ben como por algunhas persoas neofalantes con boa competencia lingüística e tamén por “grupos reducidos de xuventude urbana que teñen como lingua inicial e habitual un galego fundamentalmente coincidente co estándar”; caracterízase no plano fónico por evitar ou minimizar os elementos non-estándar (seseo, gheada, alteración de timbres vocálicos etc.), no plano morfolóxico por seguir o modelo do estándar escrito con solucións ás veces minoritarias na fala (*catredrais*, *llelo*) e con uso preferencial de trazos que están a recuar ou desaparecer na fala popular (infinitivo flexionado, posicións marcadas dos clíticos persoais), e no plano léxico afástase da lingua popular pola numerosa pre-

senza de cultismos e estranxeirismos, por evitar os castellanismos e por usar un elevado número de voces recuperadas pola lingua escrita (*Deus*, *igrexa*, *estrada*) ou procedentes da planificación lingüística (*vestiario*, *adestrar*).

Por último, é no “novo galego urbano” onde máis se estende Regueira (1999: 868-871), se callar por ser o modelo de lingua oral máis innovador tanto do punto de vista social como intralingüístico. É utilizado por “falantes que carecen de base no galego popular ou que están moi influídos polos modelos fónicos do español”, en xeral procedentes de familias que falan maioritariamente o español ou o galego estándar; adoptaron na súa maioría o galego na adolescencia ou xuventude e polas súas actitudes positivas cara á lingua costuman ser axentes activos da loita pola normalización lingüística. Canto ás súas características, no plano fónico ten de base o español, de modo que tales falantes apenas distinguen os timbres das vogais de grao medio e os das vogais átonas coinciden máis co castelán que co galego, moitos teñen dificultades para realizaren o fonema fricativo prepalatal ou mesmo o /ŋ/ velar e a entoación “está marcadamente diferenciada da do galego popular”. No nivel morfolóxico aplícanse as regras flexivas do estándar con bastante sistematidade e no sintáctico resalta o desvío na colocación dos pronomes persoais átonos; o léxico tende a seguir o estándar, evitando con criterio purista os castellanismos da fala popular, mais a estrutura lexical subxacente é polo xeral a do español, sobre a cal se calcan os termos galegos. Para Regueira non se trata só dun modelo interferido pola lingua do Estado; defende que é un “modelo estable e ben valorado socialmente” en que se comunican boa parte da xuventude urbana galegofalante e bastantes persoas comprometidas coa normalización lingüística e co galeguismo, sendo tamén o modelo maioritario de galego que recibe a sociedade a través dos medios de comunicación⁷ e inclusive nalgunhas aulas de lingua galega, de modo que “funciona como modelo de galego formal culto para bastantes galegofalantes, polo menos nos seus aspectos fónicos” (Regueira 1999: 869).

O que máis interesa para os propósitos deste traballo é a interpretación que fai Regueira a respecto da intencionalidade que guía as persoas que empregan este “novo galego urbano”. Para el trátase “sen dúbida de afastarse do galego popular, sentido como inculto e vulgar, e achegarse a unha lingua máis culta, máis elegante, mellor considerada socialmente”. É posíbel que sexa así, aínda que non deixa de ser unha intuición sen consta-

7 Sobre a cantidade e a calidade do galego nos medios de comunicación, nomeadamente escritos, véxase Hermida (2008), que tira en conclusión que o nivel de corrección do escasísimo galego que utilizan é “mínimo”, de modo que a “evolución espontánea e diferenciada” desta lingua pode verse alterada “para acabar por subsumila no ámbito do castelán” (p. 72).

tación empírica. Mais, quen serían esas persoas? Estaríamos perante unha “minoría urbana selecta con influencia social e con acceso ós medios de comunicación”, que se podería concretar na figura profesional de “profesor de galego, de actor, de dobrador ou de presentador da televisión”. Canto á primeira figura, acrecenta que hai profesorado de galego moito comprometido coa lingua que, após anos e anos de practicar o monolingüismo, non aprendeu a fonoloxía galega nin ten intención de o facer. A respecto das outras figuras profesionais afirma:

De cando en cando saen na prensa as protestas dalgúns profesionais contra os criterios que esixen o galego estándar nas dobraxes cinematográficas para a TVG ou en certos programas desta entidade. As protestas consisten basicamente en deplora-lo excesivo rigor dos lingüistas da TVG (“excesivo purismo”), en minimiza-la importancia das deficiencias (por exemplo, tratando de ridiculiza-la insistencia dos lingüistas na pronuncia das “famosas sete vocais”, “algo aberrante”), e sobre todo en ataca-la lexitimidade da propia esixencia (alcumándoa de “arma dogmática”, “discriminación lingüística”, “intolerancia”). De maneira significativa, afirmase que os lingüísticas [sic] esixen unha pronunciación “muy marcada, que no es la forma de hablar de todos los gallegos”; nalgúns casos chegouse a argumentar que se trataba de “galego coloquial” ou de “galego urbano”, non de “galego rural”. Encontramos outra vez esta división, aquí situada no eixo diatrático (non só no diatópico). Algúns profesionais non teñen reparos en cualificar en privado o galego con fonética e con entoación galegas de “paletada” (Regueira 1999: 870-871).

Comprendo e partillo a preocupación deste autor porque se poida estar a constituír un “estándar urbano alternativo” que a xente tome como o “galego urbano culto” e que se caracterice pola súa desgaleguización fonética. Defendo con el a calidade da lingua tamén no plano fónico, certamente, e paréceme inapropiado que se poida falar de dogmatismo, discriminación ou intolerancia cando se pretenden preservar trazos fónicos fundamentais para a sobrevivencia da lingua galega; tamén e nomeadamente cando eses trazos están na fala popular. En troca, non entendo tanto que noutro traballo bastante posterior (Regueira 2012b), e cando algunhas persoas erguen a bandeira da calidade da lingua para alertar precisamente dos perigos da castellanización do galego (non só no aspecto fónico, mais tamén nel), se lles fagan as mesmas insinuacións de excesivo purismo, dogmatismo, discriminación⁸ e intolerancia, acrecentadas coas de elitismo e desprezo pola

8 Noutro traballo anterior recoñecía Regueira (2005: 91) que “nunha sociedade de clases, a construción dunha lingua nacional, co seu estándar e as súas variedades elevadas, leva consigo a discriminación social por razón de lingua. O proceso de ‘normalización’ do galego reproduce, a outra escala, a discriminación lingüística [...] aínda sabendo que leva

fala popular, nomeadamente cando coinciden tamén con este autor en que a exixencia do uso acaído da lingua debe ir dirixida expresamente a eses profesionais que cobran por usaren o galego e que diso viven, incluíndo neste grupo os cargos públicos; e cando coinciden igualmente na conveniencia de aplicar sempre a comprensión e a tolerancia cara a calquera persoa que se inician no esforzo por falar en galego. Será que polo só feito de alguén “desaconsellar” a incorporación da gheada ao modelo culto de lingua oral que o galego precisa, após lle recoñecer toda a lexitimidade como trazo dialectal e de solicitar o máximo respecto para as persoas gheadófonas, xa por iso se converte en inimigo declarado da fala popular? Mais disto falarase noutras partes deste traballo.

Conclúe Regueira (1999: 872) o seu traballo sobre a lingua oral reafirmando que o galego popular funciona como rexistro informal en canto a lingua estándar se torna no rexistro formal, ao tempo que se consolida e difunde un ‘novo galego urbano’ que compite co estándar no rexistro formal e que presupón un achegamento fónico ao español, explicábel por só existiren dous modelos dispoñíbeis: o galego popular de que se quere diferenciar e o español falado pola maioría das elites galegas. Como considera que ese modelo “está nunha situación moi favorable para estenderse nas cidades”, pregúntase Regueira polas “condicións mínimas que ese galego formal culto debería reunir”. En Regueira (2013: 13-14) explicita con clarezza a resposta: (i) vocalismo de sete vogais tónicas e pretónicas que diferencie ben as abertas e fechadas de grao medio, así como a realización das vogais átonas finais con timbres máis fechados que as tónicas, a incluír neste caso as pronuncias normais do artigo; (ii) consonantismo con distinción clara entre as fricativas prepalatal e alveolar (*xa/sa*), por un lado, e entre as nais alveolar e velar (*una/unba*), por outro, incluíndo a realización velar en palabras compostas do tipo de *benestar*, diante de vogal (*un home*) e en posición final perante pausa; (iii) entoación propia do galego; e (iv) gramática e léxico segundo as convencións do estándar escrito. Tal estándar oral galego debería aparecer reflectido nos programas informativos da radio e televisión públicas galegas cando menos, igual que costuma acontecer nos países próximos, mais Regueira dinos que non é así á altura de 2012 e 2013, como tamén non o era en 2001, cando elaborou un informe sobre a lingua

consigo unha carga de discriminación contra moitos galegofalantes, as posibilidades de futuro do galego pasan polo desenvolvemento, o reforzamento e a difusión dunha ‘lingua nacional’, cos seus estándares”. Cidrás (1994: 111), por seu turno, a glosar o termo ‘antilingua’ de Halliday, fala de que en todas as linguas está presente a dimensión da exclusión polo seu valor de identificación grupal, de modo que o galego, como calquera lingua, debe “facilita-la intercomunicación... entre os membros do clan. Os que están fóra non contan; se lles interesa deberán esforzarse e aprende-lo código”.

dos telexornais da TVG no cal deixaba constancia de catro tipos de modelo de acordo coa fonética (nos demais planos da lingua enténdese que se cumpre a norma pola existencia de asesoramento lingüístico e revisión dos textos): (i) galego con fonética galega, (ii) galego con algunhas deficiencias como a escasa diferenciación no vocalismo de grao medio e a entoación, (iii) galego con deficiencias graves (cinco vogais, realización das átonas como no español, dificultades na pronuncia do fonema fricativo postalveolar etc.), e (iv) galego con fonética castelá (vocalismo e entoación desta lingua, non-realización do fonema postalveolar nin do nasal velar). O resultado deste estudo de Regueira (2013: 9) é que só un 8% do galego que chega aos ouvintes dos informativos se corresponde co primeiro modelo, o de fonética galega, inferior ao do cuarto modelo (14.2%), o de fonética do español, sendo o terceiro (43%) o maioritario. Aínda así, para este estudioso a lingua utilizada na TVG “é a que mellor sae da comparación con outras instancias da vida pública que tamén corresponden co estándar oral nas linguas da nosa contorna” (Regueira 2013: 10); entre estas instancias inclúe a clase política, os escritores e escritoras, e inclusive o profesorado de lingua e literatura galegas de todos os niveis educativos. Situación ben preocupante, de certo, para o futuro do galego, que xustifica plenamente a insistencia deste profesor no tema, mais que non resta relevancia a outras preocupacións como a castelanización masiva do léxico, a fraseoloxía ou os marcadores discursivos, as interferencias na morfoloxía, a xeneralización do uso da preposición co complemento directo, a perda progresiva do infinitivo flexionado, a má colocación dos clíticos persoais etc. (Freixeiro 2009). Cómpre, pois, asentar e difundir ese modelo de estándar oral culto delimitado por Regueira: fonética tradicional, por un lado, e gramática e léxico autóctones por outro. En síntese, un galego de calidade que sirva de orientación e modelo a imitar, con toda a comprensión e flexibilidade precisas para quen ninguén se poida sentir nin excluído nin desanimado nun percurso necesariamente longo e dificultoso.

Por último, quero referirme á poposta tipolóxica de falantes de galego que estableceu Ramallo (2010), baseada na súa propia observación da realidade sociolingüística dos últimos anos e coa advertencia de non ser máis do que unha “tipoloxía de partida moi básica, que, obviamente, debe ser complementada con novas achegas”; tamén coa importante advertencia de non ter en conta “a calidade lingüística dos falantes de galego”. A proposta inclúe oito tipos diferentes (Ramallo 2010: 32-33): (i) ‘falante tradicional (lingua familiar)’ que ten como prototipo “un individuo que procede de espazos non urbanos, cun baixo nivel de instrución formal e con máis de 50 anos” e que considera o galego estándar como máis auténtico, correcto e culto; (ii) ‘falante tradicional (lingua comunitaria)’ que naceu nun contexto

de fala galega tradicional e que se deslocou de novo a espazos urbanos, incorporando o español ao seu repertorio e a relegar o galego para a relación coa comunidade de orixe; (iii) ‘falante profesional’ cuxo prototipo é un individuo urbano de nivel de instrución medio-alto que desenvolve o seu traballo en galego nos medios de comunicación públicos, na política ou na Administración, e que adoita ter o español como lingua familiar; (iv) ‘falante ocasional ou esporádico’, que responde ao prototipo de persoa urbana normalmente castelanfalante con precario dominio do galego e que fai un uso moi ritualizado del; (v) ‘falante anecdótico’ que só utiliza o galego en contextos moito concretos, en xeral como estratexia comunicativa vinculada ao humor, e que ten unha visión do galego só como lingua coloquial e informal; (vi) ‘falante oculto (vergoñoso) en público’, galegofante tradicional no ámbito privado con baixo nivel de instrución que mora na cidade e que no espazo público e laboral prefire expresarse nun castelán agalegado, con moitos preconceptos lingüísticos; (vii) ‘falante bilingüe funcional’ que ten interiorizada a distribución funcional das linguas e que por tanto usa o galego ou o español en función do contexto galegófono ou castelanófono; (viii) ‘neofalante’, que se correspondería co utente do ‘novo galego urbano’ de Regueira (véxase *supra*) e que pertence a “un grupo moi dinámico, non só na utilización da lingua, senón tamén na revitalización lingüística”.

Este último tipo dos neofalantes é considerado de grande importancia por Regueira, como xa vimos, e está sendo obxecto de estudo prioritario nalgunhas investigacións sobre sociolingüística galega (cf. O’Rourke & Ramallo 2010, 2011, 2013; Ramallo 2010, 2013). Considérase “un grupo social a ter en conta no presente e no futuro do galego” que “está en continua negociación do seu espazo no sistema sociolingüístico galego” (O’Rourke & Ramallo 2013: 100) e mesmo se chegou a cuantificar o seu número en 70.000 persoas, arredor do 2% da poboación, “que desprazaron o castelán para convertérense en falantes activos de galego” (Ramallo 2013: 253); nesta idea de a considerar unha minoría activa insístese con frecuencia (O’Rourke & Ramallo 2014, Ramallo 2013: 254-258), mais tamén hai certa coincidencia, mesmo entre algún grupo de neofalantes, “sobre a necesidade de mellorar” pois “a súa fala está moi hibridizada, mesturada e interferida” (O’Rourke & Ramallo 2013: 94). No entanto, a partir destas consideracións susceptíbeis de xeraren un consenso xeral, fanse outras de carácter moito máis discutíbel que implican unha distorsión da realidade: quen incidir na importancia da calidade da lingua, e na defensa da dignidade desta e das e dos falantes que teñen formación académica e responsabilidades públicas (Freixeiro 2009: 42), estará a cualificar de indignas, inauténticas ou impuras as persoas neofalantes. Non é discutíbel nin ninguén discute o importante papel dos e das neofalantes no futuro do galego como grupo innovador con grande

capacidade de influencia social, pois “sen neofalantes é difícil albiscar unha solución favorable para a lingua” (Ramallo 2013: 259). Por ningún lado se acha incompatibilidade entre defender as persoas neofalantes, que supoñen o único tipo de falantes de entre os oito propostos por Ramallo que inequivocamente se orienta positivamente cara á normalización do galego, con defender tamén a calidade da lingua como criterio xeral, que acabaría por repercutir igualmente de modo favorábel na mellora do galego utilizado polas persoas neofalantes. Só un modelo de lingua de calidade pode atraer novos e novas falantes para unha lingua, como sostén Maurais (1999: 79) para o francés do Quebec: “si l’on veut intégrer les allophones à la majorité francophone, on ne pourra réussir en leur proposant un modèle de français rural, folklorique, passéiste”; e se esa lingua ten unha norma internacional de referencia, como é o caso do francés e tamén do galego, iso debe ser considerado sen renunciar aos trazos propios:

Au contraire, il faut offrir aux immigrants une langue dynamique et moderne, capable de concurrencer l’anglais dans sa modernité même et dans son caractère de variété linguistique apte à assurer la communication internationale. Tout repli sur soi, sur un modèle linguistique reflétant l’ancien Québec rural ou l’ancienne aliénation linguistique des populations ouvrières des villes, serait néfaste à l’avenir du français comme langue commune du Québec. Cette conception implique qu’il faut offrir, dans les manuels et ouvrages de référence, un modèle linguistique conforme à une norme d’audience internationale, tout en tenant compte des particularités légitimes du Québec (Maurais 1999: 80).

Convén reiterar máis unha vez, a modo de conclusión, que tanto a maior parte das variedades lingüísticas faladas na Galiza como a maioría de variedades de galego e tamén case todos os tipos de persoas que o falan apuntan máis ou menos directamente na dirección da converxencia co español. En troca, só a variedade denominada como ‘novo galego urbano’ e o correspondente tipo sociolingüístico de ‘neofalante’ apuntan de modo inequívoco cara á lingua galega, a propender o galego tradicional e o correspondente tipo de falante cara á manutención do *statu quo* lingüístico, que a longo prazo opera en contra do galego. Como tanto nun caso como noutro o modelo de lingua presenta graves deficiencias, no caso do falante tradicional por castelanización do léxico fundamentalmente e no caso do neofalante por castelanización da fonética, a mellora da calidade lingüística preséntase en conxunto como unha necesidade inescusábel, loxicamente sen ningún afán discriminador nin elitista e sempre con espírito construtivo e integrador. Por esta vía poderíamos asentar un modelo de lingua común e culta que seguise diversas tendencias que viñeron aflorando no cultivo

do galego contemporáneo: “extremadamente flexible pero cada vez máis esixente, moderadamente populista, loitando incansablemente por ceibar-se do lastre do castelán e tendencialmente máis intransixente cara a esta lingua, polo tanto, purista e diferencialista, e moi aberta ó empréstimo portugués” (Monteagudo 1997: 24)⁹. Estas liñas de planificación da lingua valen tanto para a escrita como para a oralidade, mais de nada serven se fican en simples declaracións retóricas; con todo, como tales tendencias admiten distintas gradacións e ritmos no seu desenvolvemento, todos válidos se camiñaren na dirección marcada.

3.3. Algúns apuntamentos sobre o galego popular

Xa vimos anteriormente algunhas definicións do ‘galego popular’, que vén sendo a lingua falada polas clases populares, nomeadamente rurais e das vilas pequenas, que carecen de formación académica, que utilizan un vocabulario concreto, rural e mariñeiro basicamente, e que teñen unha sintaxe máis ben sinxela. Dubert (2002: 22) denomina galego popular o conxunto de basilectos (variedades de menos prestixio) galegos orientados cara ao estándar galego e os diferentes mesolectos galegos (variedades intermedias). Neste sentido, tamén se define por oposición a galego culto ou elaborado, que presenta vocabulario abstracto ou cultismos e unha sintaxe máis complexa, sendo propio de xente con formación académica e con tendencia a ser identificado co estándar. Moitas e moitos falantes utilizan o galego popular como rexistro informal e o estándar como rexistro formal. Como tamén se viu, o galego popular ten unha baixa valorización social, inclusive entre as persoas que o falan, mais tamén constitúe un elemento de identidade grupal; o galego culto, en troca, é percibido como artificial e pretencioso por sectores máis ou menos amplos da sociedade. Por tanto, a situación tórnase un tanto perversa ao lle restar validez tanto a un modelo como ao outro. Na realidade, trátase de dous preconceptos que se entrecruzan e que obstaculizan a normalización lingüística.

Identificamos galego popular polo xeral con galego oral e galego culto con galego escrito ou literario, mais tamén se pode escribir en galego popular e se pode falar, evidentemente, en galego culto ou elaborado. Rosalía de Castro (1863: XIV) definiu á súa maneira o galego popular no prólogo da

9 Nun sentido semellante, Regueira (2003: 216-217) afirma que desde os primordios do século XX “existe unha notable corrente descastelanizadora, que procura elementos diferenciadores para a lingua escrita, tendo case sempre o portugués como referencia [...]. Este intervencionismo descastelanizador e de prudente pero claro achegamento ó portugués, malia que os detractores da actual normativa non o queiran recoñecer, acentouse nas *Normas* do ILG e da RAG, 1982”.

obra fundacional: “Sin gramatica, nin regras de ningun-ha clás, ó lector topará moitas veces faltas d’ortografía, xiros que disoarán ós oídos d’un purista [...]”; e neste galego popular compuxo un grande monumento literario, como tamén fixo Curros, cuxo poema “Nouturno” é escollido por Dubert (2008) para demostrar que tamén nunha variedade non-estándar se poden transmitir reflexións profundas e abstractas, a desmentir así certos mitos lingüísticos que se teñen xerado e difundido na cultura occidental. O galego popular, como lingua que fala o pobo, é unha modalidade apta para cubrir todas as necesidades comunicativas do pobo que a creou, incluídas as máis íntimas e intelectuais, e para expresar as maiores finuras do espírito, como demostra a ricaz literatura de tradición oral.

Porén, dito o anterior, debemos igualmente desmitificar o pobo como gardador das esenciais do idioma e como último baluarte da lealdade lingüística. O pobo foi a vítima máis indefensa e directa da dominación, tamén lingüística, que se produciu na Galiza desde finais da Idade Media. Se non mudou de idioma en moitos casos foi porque non puido ou porque non se deron as circunstancias acaídas, non por lealdade a unha lingua que el mesmo acabou por interiorizar como pouco útil e inferior. Pasou na Galiza e tamén en Cataluña, por exemplo, onde sempre se presupón unha maior fidelidade lingüística; para Marfany (2008: 88) dicir que durante o período ‘decadente’ as clases subordinadas se mantiveron fieis ao catalán “és, no ja una bajanada, sinó una inexactitut, perquè la fidelitat suposa una opció que aquestes classes no tenien”. Certamente, as clases populares galegas tamén non tiveron en moitas ocasións a opción a mudaren de idioma e cando a tiveron, fixérono.

Costuma dicirse igualmente que é no pobo onde está a lingua verdadeira e que a el hai que ir aprendela; mais non todo o que está na fala popular é lexítimo e auténtico, nomeadamente nun contexto diglósico. Na fala popular galega están os trazos máis xenuínos e tradicionais, mais tamén penetraron moitas interferencias da lingua teito. Neste sentido afirmaba Dieste (1981: 87): “Non hai millor mestre que o pobo en cousas de fala cando sabemos escoitalo e temos tino dabondo pra escolmálo bó e desbotálo refugallo”. E noutro momento acrecenta:

O pobo ten moitas virtudes, pro tamén os seus resaibos, máis ou menos fuxideiros. Calquera persoa de bó xuicio poderá sen traballo descubrilos. Fomentalos ao amparo dun falso enxebrismo é andar a cegas ou con moi pouco tino.

Apricaceón ao idioma: fomentálos vicios fonéticos, léxicos, etc., dende o xornal ou dende a escea, é ir cara a disolução de todo o bó da nosa fala.

Hai que recolléla fala do pobo, someterse a súa autoridade; mais hai que saber onde afina a súa autoridade, que é alí onde se é fidel a sí mesma (Dieste 1981: 41).

O galego popular é unha fonte do saber lingüístico a que acudirmos, mais non a única nin a de máis autoridade nalgunha ocasión. Tamén a lingua literaria foi elaborada por xente do pobo, e no caso galego, moitas veces por autores e autoras que non coñecían máis modelo que o popular aprendido directamente da fala, logo transportado para a literatura após un laborioso proceso de escolma e depuración. Cal ten entón máis valor ou lexitimación, un galego popular suxeito a seculares interferencias do castelán ou un galego literario construído como ‘premeditación’ sobre a base daquel? Acudamos de novo a Dieste (1981: 76):

Pra a xente pouco ouservadora das cidades o galego literario é unha ficción erudita. –Iste galego que vostedes escriben non o fala ninguén–dino tódolos que non se tomaron o traballo de escoitar ben ao pobo [...].

Mais o galego literario que tende a se impor é unha língoa viva e ben viva, de fonte popular, que só se diferencia da lingoaxe rústica e mariñeira nunha maior premeditaceón.

O galego popular está ben sempre, a todas as horas e en toda a parte, porque nel están os trazos máis auténticos e tradicionais, mais sen sacralizacións e sabendo distinguir o auténtico do impostado. Outra cuestión é o galego dos e das neofalantes, tanto persoas galegas do medio urbano que, sendo castelanfalantes, deciden falar galego sempre ou en determinados contextos, como de persoas chegadas á Galiza desde zonas de fala española e que fan o esforzo de aprenderen galego para mellor se implicaren na nova sociedade a que se incorporan. Que este galego non sexa perfecto é algo natural e lóxico: para aprender a falar máis ou menos ben unha lingua, primeiro hai que a falar mal. Mesmo podemos dicir que o feito de haber moitas persoas de procedencia foránea que falan mal a lingua da comunidade a que se incorporan é un sinal de fortaleza e vitalidade desta. Oxalá houberse neste sentido moitas persoas que falasen mal o galego porque o están a aprender; isto indicaría o suceso da normalización lingüística e non suporía unha preocupación relevante: esas persoas acabarían falando ben o galego, embora a súa fonética puidese presentar algunha das deficiencias descritas por Regueira (2013), porque a mudanza vai en dirección ao galego e ten este como albo, ao contrario do que adoita acontecer coas persoas galegofantes nativas que castelanizan cada vez máis a súa lingua.

Infelizmente, na Galiza tal proceso, aínda a ter certa presenza, é pouco significativo. Maior relevancia ten en Cataluña, onde tamén se ten formulado que “si h’ha parlar el català tan ‘malamente’ és millor no parlar-lo”, ao cal se opón o argumento de considerar “la incorporació de milers de nous parlants, amb el cost de *qualitat* que això pugui suposar, com un èxit de l’ús social de la llengua catalana, i una mostra objectivable de la seva encara notable vitalitat” (Larreula 2002: 248). Pouco nos importaría ás persoas que insistimos na calidade da lingua que o galego tivese de pagar esa portaxe de rebaixa transitoria da calidade nun segmento reducido das e dos utentes, pois ben sabemos que aí non está o problema. Con todo, tamén afirma a seguir Larreula que na sociedade catalá existen persoas preocupadas pola castellanización da súa lingua porque temen vela no futuro reducida “al pur folklorisme en el seu ús social i embastardida, patuïtzada, i fragmentada en el seu ús oral i popular fins a esdevenir un dialecte local, o més d’un, de la llengua castellana de Catalunya, Mallorca, València, etc.”

Se esta preocupación existe nos países de fala catalá, mal fariamos na Galiza ollando para outro lado perante o mesmo problema, se callar máis agravado. Ora, como o propio Larreula (2002: 248-260) aconsella para o caso catalán, a solución non está en nos limitarmos a lamentar tal situación, nin en nos metermos nunha urna de vidro para persoas escollidas que se senten orgullosas de posuíren a chave do bo uso da lingua, nin en nos convertermos en fiscais lingüísticos que perseguen calquera erro cunha actitude intransigente e con frecuencia impertinente que desanima aquelas persoas que teñen boa disposición para falaren en galego. Nada diso propuxemos nin propomos, tanto para as e os falantes tradicionais como para as persoas neofalantes. Todo o contrario, somos ben conscientes de que o mellor camiño é o estímulo para que aquelas persoas que así o decidiren se animen a falaren en galego, aínda que sexa mal, séndomos conscientes tamén de que a competencia lingüística total e absoluta non se vai conseguir nunca. Mais isto non é incompatible con que se marque unha meta clara ou con que se sinale un modelo a seguir; nin tampouco con que se advirta dos riscos que corre a lingua de non avanzarmos cara ao obxectivo indicado. Concordamos tamén con Larreula (2002: 255) en que “una certa tolerancia pot ser més eficaz per arribar a la majoria de gent, que no pas un perfeccionisme rígid i intransigent” e que non debemos exixir o mesmo ás e aos falantes comúns que ás persoas que traballan cara ao público nos medios de comunicación.

Se no ámbito catalán se produciu un enfrontamento, aínda vigorante, entre os partidarios do ‘català dur’ (ou *heavy*) e do ‘català tou’ (ou *light*) neses medios de comunicación (Larreula 2002: 257), na Galiza esa polémica

poderíamos traducila á división existente entre os defensores do ‘galego popular’ e os do ‘galego normativo’; e aínda neste último caso se podería falar de ‘isolacionistas’ (ou ‘oficialistas’) e ‘reintegracionistas’ (ou ‘lusistas’). Como tamén sinala Larreula para o caso catalán, no fondo desta división entre persoas (ou grupos) menos e máis preocupadas polo proceso de castellanización da lingua latexa outra división de carácter político-ideolóxico entre non-nacionalistas, que ven a lingua só desde unha perspectiva utilitaria, e nacionalistas, que a ven como un símbolo esencial da identidade. Nestes parámetros, tórnase lóxico que os primeiros non se sintan especialmente alarmados pola intensa castellanización do galego, aínda sendo conscientes do perigo de disolución no español, en canto os segundos si o están por veren tamén en perigo a propia identidade cultural e política a que non queren renunciar. O ideal para a sobrevivencia do galego sería que todas as persoas puidesen coincidir nun obxectivo común arredor da lingua, mais a realidade é que unha parte importante da poboación –se callar a maioría– só o fará se acha nela utilidade para a súa vida diaria e para a promoción persoal. E entón é cando a opción reintegracionista pode tornarse un argumento eficaz.

3.4. Sobre o castrapo, a súa reputación e o seu significado

O ‘castrapo’ é un termo tan popular e estendido como pouco definido e mal estudado. Freitas (2008: 706) equipara o concepto de castrapo co de mestura de linguas e defíneo como “variedade do castelán impregnada de galeguismos, *lato sensu*, que nace da falta de instrución e de formación lingüística de moitos galegofalantes”. Estaría movido polo afán de falar nunha lingua xulgada como superior e propia de xente importante e viría sendo unha amálgama de dúas linguas, utilizadas ambas incorrectamente. Apunta esta autora unha idea relevante: ao ser o castrapo un nivel de lingua característico dos grupos galegofalantes menos instruídos que por razóns diversas aprenderon o castelán ou estiveron en contacto con el, “pretenden coñecelo suficientemente para podérenlo falar”. Isto é, o castrapo sería unha modalidade lingüística transitoria nunha viaxe que conduce do galego cara ao castelán, estación termo. Ou dito con outras palabras, unha variante lingüística híbrida en canto non se consegue o dominio da lingua de destino, o cal non presupón que todas e todos os falantes o vaian conseguir. Tamén Monteagudo (2005: 421), como se viu, define o castrapo como ‘castelán intencional’.

Talvez o concepto máis aproximado de castrapo sexa o modelo de lingua que se empregaba nas cartas familiares escritas no século anterior por persoas galegofalantes do medio rural con nula ou moi baixa alfabetización, a que alude Dieste (1981: 24): “Isas cartas nun castelán mal escrito e misturado

que mandades cando estades fora, fan rir, podedes crer que fan rir”. Esas persoas pretendían escribir en español, mais non sabían e saíalles unha mestura das dúas linguas. Era intencionalmente castelán. Mais tamén se costuma denominar castrapo un galego intencional inzado de castelanismos, a que igualmente alude Dieste (1981: 81), a censurar neste caso con dureza nada habitual nel esa hibridación lingüística dun escritor coruñés empregada nun autógrafa que dedica ás persoas emigrantes en América: “A mis paisanos. Boas tardes, filliños! Non olvidarvos das faldas dos nosos encantiños.–Vostro, Manuel Linares Rivas”. Faise o autor rianxeiro a seguir algunhas preguntas:

¿En que idioma fala eiquí o señor Linares Rivas? ¿No castelán misturado e asurdo que na cidade falan aos domingos algunhas criadas? ¿No galego dos madrileños que pasan o vran nas Rías Baixas? [...] Mais, ¿por qué o Sr. Linares Rivas, ao se dirixir a os galegos de Bos Aires lles fala dise xeito, talmente coma si tivera unha copa demáis? ¿Non sabe o galego? ¿É tan mingoadá a súa cultura xeral? (A cultura xeral dun galego que non sabe o galego ten que ser moi cativa).

En ambos os casos o autor xulga altamente inadecuado ese modelo de lingua híbrida, que considera indigno (“fai rir”, “absurdo”) tanto na boca da xente humilde do rural como na de persoas instruídas da cidade. Como fai tamén Isaac Díaz Pardo (1987: 141-142) a propósito da narración dunha anedota relativa ao pasamento do arcebispo de orixe galega Leopoldo Eijo Garay, a quen o profesor Montero Díaz lle tería comentado, a modo de brincadeira, nunha recepción académica o inadecuado do seu primeiro apelido para poder sustentar a súa nobre liñaxe: “Es que si a usted le pusieran Eixo o Eje pues estaría bien, pero meterle el castrapo ese la gente puede pensar que no es cierto lo de su raíz aristocrática...” Parece que tan preocupado ficou o prelado que abandonou a recepción antes de tempo e na semana seguinte non paraba de telefonar o profesor na procura dunha solución para tal problema: “Los últimos días, dijo Montero Díaz, daba señales, a través del teléfono de enajenación y decaimiento, hasta que a los 8 días justos de aquella recepción académica se publicó la noticia del fallecimiento de Don Leopoldo”. Acrecenta Díaz Pardo: “Esta forma castrapa del ‘Eijo del carro’ producto del oportunismo lingüístico [...] me recuerda mucho esa expresión castrapa y castrapizante que constantemente estamos leyendo y/o escuchando en los medios de comunicación que tenemos: ‘Consello de la Xunta’ sin que los poderes castrapizados, traten de impedirlo”. Non hai, con certeza, consenso na definición do castrapo, mais si na súa carga pexorativa; e sexa castrapo, sexa hibridación, a dirección que marca é sempre cara á converxencia coa lingua dominante.

Como variante da lingua oral moito frecuente na fala habitual, o castrapo tivo tamén a súa proxección á lingua literaria, unhas veces como reflexo dunha realidade lingüística e outras con afán humorístico ou burlesco. Alén dalgún caso xa citado, son outros moitos os que se poderían traer a modo de exemplo, sobre todo en obras narrativas de diverso teor, a comezarmos pola primeira novela publicada en lingua galega, *Majina ou a filla espúrea* (1980), de Marcial Valladares, onde se nos presenta un mosaico de variedades lingüísticas, que van do castelán correcto das clases acomodadas ao galego popular dos labregos e labregas, pasando polo cadiceño e o castrapo de criados e criadas, persoas desclasadas ou socialmente descolocadas. Freitas (2008: 706-721) recompila outros moitos exemplos concretos de castrapo en obras de Manuel García Barros, Ánxel Fole, Blanco-Amor, Celso Emilio Ferreiro, Ánxel Sevillano, Xavier Alcalá, Camilo Gonsar, Suso de Toro, Manuel Rivas etc., onde se perciben as múltiples funcionalidades e variedades de castrapo, entre elas a introdución de palabras –p. e., *muchísimo*– e expresións enteiras –*para siempre jamás*– en castelán como recurso estilístico-expresivo de énfase.

Nalgún dos exemplos aducidos máis do que uso do castrapo prodúcese unha caracterización ou valorización moito negativa del; fixémonos só en dous casos citados por Freitas, un tirado de *Antón e os inocentes* de Méndez Ferrín: “Co seu galego a diario, na partida, co seu carallo diario. Na casa castelán de baratiño, castrapo ruín coma eles, burguesiños, peideiriños, cadelíños pró labrego”. O outro pertence ao libro *Canciós do lusco e fusco*, de Manuel María: *Ollade esa antroidada: son galegos./ xente do pobo, sinxela e moi normal./ Olládeos como un fato de borregos./ falando o seu castrapo ‘tipical’/ Exprésanse nunha estraña xeringoza./ van falando un idioma que non hai./ E senten gran reparo, gran vergonza./ en falar, como é debido, a fala nai.* Para quen quixer ver nestes versos máis un caso de xenofobia ou elitismo, o propio poeta esclarece na última estrofe da composición que estas persoas non son culpábeis da súa forma de falaren; a culpa está en quen lles inculcou e alimenta os preconceptos. Dito doutra forma, non é culpábel da degradación do galego o labrego ou labrega que diga *conexo*, mais si o responsábel político de que na única televisión pública en lingua galega haxa un programa que se intitula *A casa da conexa*.

Alén das definicións e valorizacións sobre o castrapo que se acaban de relatar, interesa moito especialmente a opinión das e dos falantes actuais, que en ocasións non coincide coa das persoas especialistas. Se estas o costumaban considerar como un castelán moito interferido por galeguismos, aqueloutras adoitan denominar como castrapo calquera mestura de ambas as linguas, embora con algúns matices. En Iglesias (2013) temos unha boa

mostra desas opinións a través da técnica cualitativa da entrevista grupal con alumnado de entre 13 e 14 anos dunha vila de 9.000 habitantes no curso escolar 2010-2011. A primeira definición que nos mostra a autora é a dunha persoa pertencente ao grupo de galegofalantes e identificada como tal por ela mesma, que di: “eu tamén falo galego pero a veces cando estou cos compañeiros que falan castelán, mezclo castelán e galego e falo castrapo” (Iglesias 2013: 175); estaríamos aquí perante un castelán intencional de quen ten problemas para o falar correctamente; mais tamén nos deixa ver que ese castrapo se converte nun paso transitorio cara á converxencia co español. Outras definicións de castrapo que aparecen no desenvolvemento das conversas son: “falar castrapo é mezclar as linguas do gallego con palabras do castelán e se estás falando castelán pois mezclar palabras do gallego mentres que estás falando castelán”, “é cando mezclas ghallego e castellano”, “é unha mezcla”, “un conxunto de castelán e galego” (p. 178).

Todas as persoas, segundo nos di a autora do estudo, se identifican de entrada como galegofalantes ou castelanfalantes, mais as primeiras “non tardan en autoidentificarse como falantes de castrapo” cando unha delas así se declara, “mesmo nalgún caso nunha especie de rectificación con respecto á súa escolla anterior como falante de ‘galego’” (Iglesias 2013: 177). Mais reparemos en que son as persoas que se consideran galegofalantes as que falan de castrapo e non as castelanfalantes, pormenor importante que nos indica unha maior seguranza e valorización da lingua cando esta é o español. Mesmo unha persoa explícita esta idea: “Cando nos poñemos a falar... por exemplo eu falo máis castrapo cando falo galego non cando falo castelán”. Este extracto, entre outros, dá pé á autora para afirmar:

[...] a oposición establécese entre o castrapo, o galego normativo e o castelán, pero non ao mesmo nivel, de xeito que por unha parte estaría o castrapo fronte ao galego normativo e estes dous, á súa vez, opostos ao castelán [...].

O galego é percibido como unha entidade multidialectal, no sentido de entidade abstracta que se materializa en diferentes variedades ou dialectos, sexan estes xeográficos, sociais ou situacionais. En contraste, o castelán preséntase de xeito moito máis monolítico, como se non existise variación no seu interior. Como consecuencia, atopamos entre os galegofalantes un maior repertorio lingüístico que entre os castelanfalantes (Iglesias 2013: 180).

Aquí fica ben explícita a diferenza entre as linguas: o galego multiplícase ou subdivídese por hibridación nunha ‘enriquecedora’ diversidade de variantes, en canto o español é percibido simplemente como unha lingua

unificada (e sería, poderíamos acrecentar). Dínolo tamén outra persoa pertencente agora ao grupo castelanfalante, cuxas palabras reproduce a autora como demostración das afirmacións que acabamos de reproducir: “es que en gallego hay distintos pero castellanos son todos iguales”. Non sei se nos teríamos de compadecer do español por esa eiva... Ben sabemos que as linguas son variación e todas a teñen, incluído o castelán, mais as persoas galegas perciben esta lingua como unha unidade estábel e segura, en canto identifican o galego con mestura, como algo que non se sabe moito ben o que é e que, por tanto, non ofrece nin estabilidade nin seguranza, e se callar tampouco seriedade. Máis unha vez pódese dicir que a hibridación está ben para as linguas minorizadas, que se van enriquecendo por esa vía até se dilúren nas grandes linguas dos estados; estas, en troca, máis do que se hibridaren, absorben ou zugan as que se meten nas súas redes.

Se o castrapo é unha “variedade híbrida a medio camiño entre o galego e o castelán”, que non sería “nin galego nin castelán, senón o resultado da mestura entre ambos idiomas”, porén as persoas que din falalo “acaban remitindo o castrapo ao galego” como “unha variedade híbrida pero integrada no galego”; vincúlase de tal modo o castrapo co galego “que estes dous termos acaban confundíndose nos discursos e son utilizados de maneira alternativa, co mesmo significado” (Iglesias 2013: 178). Fica entón claro que na conciencia das e dos falantes a lingua que se hibrida, ou que se fala mesturada e mal, é o galego e non o español, de maneira que, por consecuencia, aquel camiño intermedio entre as dúas linguas conduce necesariamente cara á lingua que non se hibrida e que por tanto se fala ben. Neste sentido, a visión que parecen ter as e os falantes do castrapo non coinciden nin con algunhas definicións dos especialistas nin coas que costuman figurar nos dicionarios; por exemplo, o da Real Academia Galega, *s.v.* ‘castrapo’, di: “Variedade do idioma castelán falado en Galicia, caracterizada pola abundancia de palabras e expresións tomadas do idioma galego”. O caso é que a sensación de mestura de linguas, de inseguranza e de falar mal téñena as persoas que falan galego e non as que falan español, aínda que na realidade tamén estas introduzan galeguismos: “aqueles que se presentan como monolingües en castelán en ningún momento asocian o seu xeito de falar co castrapo [...] moitos dos casos nos que o uso do español se afasta do estándar, para aproximarse ao galego, non son recoñecidos polos falantes, que consideran estar ‘falando ben’” (Iglesias 2013: 181).

Manexa Iglesias (2013: 182) a hipótese de existir un mellor coñecemento da variante estándar do galego que do español por parte do alumnado,

con base en que o profesorado de linguas corruxaría máis os castelanismos do galego do que os galeguismos do español, a se detectar así “un maior afán purista con respecto ao galego” por parte do profesorado e do alumnado, feito que interpreta como síntoma da subordinación do galego á lingua dominante. Paréceme bastante dubidosa a hipótese do mellor coñecemento do estándar galego¹⁰, mais concordo en que ese maior afán purista, seguramente máis real, é un indicio de fragilidade para o galego, alén de se converter nunha evidencia de o profesorado de lingua galega estar a percibir o proceso de degradación interna e a súa deriva cara ao español. Isto parece confirmar dúas cousas: que os procesos de hibridación son unha ameaza para as linguas minorizadas e unha vantaxe para as linguas dominantes, por un lado, e que a preocupación e defensa da calidade da lingua se converte nunha necesidade e mesmo nunha exigencia para unha lingua subordinada que quixer sobrevivir.

Unha última cuestión que se aborda no traballo que estamos a comentar refírese ao valor emocional que pode ter o castrapo “como símbolo identitario grupal” (Iglesias 2013: 187), o cal parece evidente, como tradicionalmente o tivo e aínda continúa a ter o galego nas comunidades rurais monolingües. Mais tal valor simbólico non implicou maior prestixio nin lealdade lingüística, como demostra a mudanza de lingua dos membros que abandonan o grupo orixinario por se deslocaren a espazos urbanos. Certamente, “a hibridación que supón o castrapo” pode ser vista “como un síntoma dun rico repertorio lingüístico” e como unha “ampliación” deste, mais non se percibe nel ningún indicio de revitalización do galego; máis ben todo o contrario, como máis un chanzo no camiño cara ao español, segundo se deduce das propias palabras desta autora: “os que se identifican como falantes de galego-castrapo son os que afirman cambiar de lingua segundo a situación: falan normalmente galego pero adáptanse ás veces ao castelán dos seus compañeiros, é dicir, son bilingües activos e levan este bilingüismo á práctica”. Se o castrapo que utilizan os adolescentes que viven en ambientes galegófonos presupón unha ampliación do repertorio lingüístico, tamén podemos velo como un paso da diglosia á triglosia: o castrapo como variedade habitual con poder simbólico de identificación grupal, o galego estándar reservado case en exclusiva para as aulas de lingua galega e o español como lingua para case todos os usos

formais. Como as e os ‘castrapofalantes’ mostran “resistencia a converxer co estándar” galego, mais non co español, non podo partillar coa autora ningún optimismo a respecto das bondades da hibridación como novo paradigma da posmodernidade, sempre, claro está, desde a óptica da revitalización e normalización do galego.

En definitivo, non teñen a responsabilidade da deturpación do galego, e do castrapo como manifestación desta, as e os falantes de variedades híbridas e desprestixiadas que, alén do máis, carecen de formación e mesmo sofren unha situación social en moitos casos de marxinalización ou exclusión. Con todo, a súa precariedade non se corrixe coa lexitimación do castrapo nin coa asunción dun galego deturpado como remedio para a xustiza social. Se realmente esta fose a solución para a liberación das persoas oprimidas da pobreza e da miseria económica, inclusive podería pagar a pena inmolar a lingua galega nese altar da xustiza social. Mais ben sabemos que non é así, que tamén en Salamanca, en Oxford ou en Kentucky hai exclusión social. E por riba de todo, xa é ironía do destino que agora se queira culpar as persoas preocupadas polo futuro dunha lingua historicamente estigmatizada toda ela –non só as súas variedades populares ou ‘baixas’– de propiciaren a exclusión social das persoas galegofalantes por sinalaren o problema da degradación interna como un elemento de preocupación e proporen solucións para que a lingua sempre falada polas clases populares non desapareza. A lingua galega poderá salvarse ou non, mais en calquera caso, infelizmente, continuará a existir exclusión social, que é basicamente por razóns socioeconómicas e que leva aparelado o desprestixio de calquera variante lingüística que falaren as clases menos favorecidas. Se o castrapo ou o galego fortemente castellanizado chegasen a perder o estigma social que hoxe teñen só podería ser por estas variedades pasaren a se utilizar como propias polas clases medias e altas da sociedade, cousa difícil de que aconteza. Mais, se esta circunstancia se der, sempre ficarán ou xurdirán outras variedades desprestixiadas para facer recaer sobre as persoas máis débeis e desamparadas o estigma de falaren mal. A reivindicación do castrapo nunca será, por conseguinte, a solución para a exclusión social nin tampouco para a revitalización do galego. Todo o contrario.

10 Os datos que se recollen en Silva Valdivia (2005, 2006) sobre o coñecemento e uso de certos aspectos morfosintácticos do galego por parte do alumnado de 4º curso de Educación Secundaria Obrigatoria non son nada positivos ao respecto, alén de apuntaren no camiño da converxencia co español.

4. A calidade da lingua oral e a hibridación lingüística

Nos estudos lingüísticos véñse tratando desde hai moito tempo de temas relativos á corrección lingüística, modelos de lingua, norma culta, gramática prescritiva etc., sempre na perspectiva de preservar as linguas de deturpacións internas e influencias foráneas que puideren pór en causa as súas características fundamentais que as singularizan face a outras linguas próximas. O termo que tivo máis fortuna para representar esa preocupación pola autenticidade lingüística foi o de ‘purismo’ –en inglés *purism*–, de circulación xeral no ámbito americano e europeo (cf. Thomas 1991 ou Jernudd & Shapiro 1989, p. e.), embora na literatura sociolingüística dos últimos cincuenta anos, máis ou menos, se fose asentando a expresión anglófona *corpus planning* (Maurais 1999: 65) cun significado máis abranxente relativo á intervención sobre as linguas. Porén, no ámbito francófono tamén se estendeu o uso da expresión ‘calidade da lingua’ –en francés *qualité de la langue*–, tanto na Franza (cf. Eloy 1995) como particularmente no Quebec (cf. Maurais 1999). Aínda que non representen exactamente o mesmo, a relación entre os dous conceptos, purismo e calidade da lingua, é evidente. Mais en canto ‘purismo’ lingüístico implica de inicio certa relación coa moralidade e a relixión, por un lado, e con sinónimos que conteñen unha negación –inmaculado, incontaminado–, por outro, a suxerir certa noción negativa (Wildgen 2003: 11-13)¹¹, ‘calidade da lingua’ non presenta de entrada tales connotacións negativas, embora non tardase en se asociar con actitudes elitistas tamén na súa aplicación ao galego (Regueira 2012b). Con todo, algunhas persoas continuamos a apostar na conveniencia e oportunidade de utilizarmos e desenvolvermos o concepto de calidade da lingua como necesidade presente do noso idioma, sen ningún afán elitista nin ánimo de monopolizarmos o que é patrimonio común de todos e todas. Ora, tamén sabemos distinguir o significado que ten a expresión cando unha persoa francesa fala de que “[i]l est temps de se soucier de la *qualité du langage* de nos enfants” (Danon-Boileau 1995: 71) do que posúe cando outra persoa galega escribe que “só a procura da calidade lingüística presupón unha implicación que nos fai partícipes e corresponsables reais do proceso de recuperación do idioma galego” (Sanmartín Rei 2009: 156). Certamente, non é o mesmo falar de calidade da lingua desde unha das grandes linguas estatais que desde unha lingua minorizada.

11 Véxase tamén Benigno Fernández Salgado (2003) para unha perspectiva crítica dos conceptos de ‘pureza’ e ‘contaminación’; este autor considera que o purismo “representa a doutrina principal pola que se guiaron” os elaboradores das normas oficiais do galego (p. 95).

4.1. Calidade da lingua e autenticidade

A noción de calidade da lingua que algunhas persoas estamos a defender non se pode equiparar co purismo lingüístico; de facto, non fixemos uso dese termo en ningún momento cando aludimos á necesidade de usarmos unha lingua de calidade ou de mellorarmos a calidade da lingua. Falamos, iso si, dunha lingua auténtica ou da autenticidade lingüística como condición para termos unha lingua de calidade, no sentido de a lingua ser fiel a si propia e de preservar trazos históricos básicos que a singularizan como tal¹². Mais tamén non é fácil definirmos o que é calidade da lingua como concepto xeral, embora o teñamos máis claro cando nos referimos á lingua galega. Como é no ámbito francófono onde máis prendeu a expresión, botemos primeiro unha ollada ao que nel se entende por tal. Para Eloy (1995) a noción de calidade da lingua non se refire tanto a algo xa dado como a algo construído, preferindo tamén o plural ‘calidades da lingua’ para resaltar a diversidade de fenómenos concorrentes. Após subliñar a dificultade de a definir por falta de criterios claros, afirma que “si l’on veut la réduire à la norme las plus étroite, on en arrive au purisme”. Mais tamén sostén que se debe distinguir “nettement et fermement” a noción de calidade da lingua do uso purista que dela se fai, de modo que é posíbel traballar “sur (avec, pour) la notion de ‘qualité de la langue’, et en même temps critiquer le purisme rigoureusement”. A preocupación pola calidade da lingua non debe deixarse nas mans do purismo, “qui le monopolise et le pervertit”, entendendo por actitudes puristas aquelas que xulgan negativamente as escollas lingüísticas da persoa próxima aínda que sexan usuais, admitidas e lingüisticamente posíbeis (Eloy 1995: 392-393). Face á visión negativa do purismo, a aposta na calidade parte da lingua como un obxecto antropolóxico construído e utilizado pola sociedade e modelado por ela segunda as súas necesidades (p. 398), onde o Estado intervén sobre o corpus da lingua mais non de forma necesariamente represiva, procurando activar todos os seus recursos ao servizo da sociedade –francés técnico, p. e.– e da “image de marque” (p. 415) da lingua tamén para a súa proxección exterior; a lingua tórnase así un instrumento e non un fin en si propio ou un símbolo,

12 Con todo, nunca nos temos referido ao/á falante auténtico/a, pois é un concepto que non nos seduce; cada falante ten as súas peculiaridades e pode falar mellor ou peor unha lingua dada, mais dificilmente haberá un modelo único de falante; ou dito con outras palabras, unha lingua auténtica e de calidade pode ser utilizada de diferentes maneiras e por falantes distintos entre si. Sobre esta figura do *authentic speaker* ten achegas interesantes, dun punto de vista crítico, Coupland (2003, 2010), quen de todas as formas afirma que o falante auténtico aínda non está morto nin moribundo, embora sexa difícil de encontrar, mais “when found, the authentic speaker is very much more interesting than we had assumed” (Coupland 2003: 425).

a desenvolver os seus diferentes rexistros e todas as súas capacidades cun duplo efecto: “il améliorerait la qualité linguistique des productions, et il rendrait la langue plus utile, donc plus désirable, sur le marché international des langues” (Eloy 1995: 421).

O concepto de ‘calidade da lingua’ fixo especial fortuna no Quebec, onde se publicou abundante bibliografía ao respecto, en ocasións como resultado de coloquios científicos realizados sobre o tema (Chantefort 1980, p. e.) e noutros casos tamén como informes propiciados polo *Conseil de la langue française*. Destaca entre estes o de Jacques Maurais (1999), que xa presenta desde o título a calidade da lingua como un proxecto da sociedade e que insiste no seu desenvolvemento en que esta debe ser tomada nun sentido xeral e non individual, pois o mandato do propio consello “concerne moins la qualité individuelle des actes de parole des individus en tant que locuteurs privés que la qualité de la langue lorsque celle-ci sert d’instrument de communication publique ou officielle” (Maurais 1999: 31). A preocupación pola calidade lingüística diríxese fundamentalmente ás comunicacións institucionalizadas e a aquelas persoas individuais que teñen responsabilidades nelas, como redactores/as, tradutores/as, publicistas etc., “mais aussi des téléphonistes”, pois as institucións deben velar pola calidade das producións lingüísticas dos seus empregados e empregadas cando estas teñen un carácter público, xa que iso “touche directement à l’image de marque de l’institution” (Maurais 1999: 32). É consciente este autor de que a noción non costuma ser do agrado dos lingüistas, como tamén comeza por recoñecer Chantefort (1980), e admite tratarse máis dunha cuestión sociolóxica do que lingüística propiamente “s’appuyant en partie sur une analyse linguistique qui relève le plus souvent du sens commun et du savoir populaire plutôt que de la science” (Maurais 1999: 61); tamén recoñece a dificultade de a definir.

Na procura desa definición parte de que non hai ningunha comunidade de falantes dunha lingua onde non haxa prácticas normativas, de que a noción de ‘lingua estándar’ é esencial mesmo como ideal a alcanzar, de que se deben ter en conta os constrinximentos ligados ás circunstancias da comunicación e, por último, de que na sociedade operan dúas tendencias opostas, unha cara á unidade que representa o estándar e outra cara á diversidade de grupos máis reducidos que senten a necesidade de reafirmaren a súa identidade. E establece once principios que deben guiar as intervencións en materia de calidade da lingua (Maurais 1999: 64-91): (i) a calidade da lingua non é independente do seu status, de modo que primeiro cómpre asegurar este e logo intervir conscientemente sobre aquela; (ii) deben diferenciarse os usos privados dos usos institucionais da lingua (ensino, Ad-

ministración pública, institucións económicas e medios de comunicación); (iii) a comparación entre dúas linguas é un medio excelente de mellorar o coñecemento da lingua materna tanto na evitación das interferencias como na reflexión profunda sobre a gramática desta; (iv) nas nosas culturas tendemos a xulgar a oralidade segundo as regras da escrita; (v) a folclorización lingüística ritualizante que conduce á estigmatización pode combaterse cun modelo de lingua dinámico e moderno; (vi) os excesos do purismo poden evitarse conciliando o respecto pola variación lingüística coa adquisición da variedade estándar; (vii) a calidade da lingua non se resume na caza dos anglicismos (nós diríamos dos castelanismos) formais, pois hai que prestar especial atención aos empréstimos semánticos e aos calcos; (viii) a planificación lingüística, onde se inclúe todo o relativo á calidade da lingua, non se debe deixar só en mans da iniciativa individual, xa que a responsabilidade é das institucións; (ix) a lingua estándar, ou lingua codificada nunha norma supradialectal que responda ás necesidades comunicativas complexas e diversificadas dunha sociedade moderna, non se debe confundir coa lingua literaria, que presenta unha maior variación estilística; (x) a lingua materna non se pode ensinar como unha segunda lingua, cos mesmos métodos de aprendizaxe dunha lingua estranxeira; e (xi) o problema das deficiencias da escrita non se reducen á ortografía nin a responsabilidade pola calidade da lingua recae só na escola. Tira en conclusión o autor que en materia de calidade da lingua “il n’y a pas solution miracle”, de modo que é inútil procurar un remedio único para un problema que presenta múltiples aspectos (Maurais 1999: 91).

Mais o caso é que no Quebec existe preocupación pola calidade da lingua e organismos –*Conseil Supérieur de la Langue Française*– encargados de velaren por ela, sen por iso se excederen no purismo nin seren acusados de elitismo ou xenofobia. Por exemplo, Chantefort (1980) rexeita o discurso purista por elitista cando só concede validez á variedade da “classe cultivée” parisina e despreza “les particularismes de la province” e defende “la qualité dynamique”: a calidade que non é única nin inmutábel, mais múltipla de acordo cos diferentes actos comunicativos. Certamente, non se ten a mesma óptica sobre a calidade da lingua en París que no Quebec, porque as circunstancias son diferentes en cada caso. Tamén na Galiza a preocupación pola calidade lingüística presenta as súas peculiaridades derivadas dunha situación moito diferente. Neste caso, e tal como eu a interpreto, a calidade da lingua é un mecanismo da planificación lingüística que procura a autenticidade lingüística mediante a depuración dos castelanismos desnecessarios, a recuperación de palabras e expresións tradicionais do galego-portugués, o aproveitamento de todos os recursos expresivos propios do galego popular e do galego literario que non sexan produto da interferen-

cia do castelán, a incorporación selectiva de termos e expresións máis frecuentes no ámbito portugués e a activación de todos os rexistros lingüísticos (da linguaxe técnica e administrativa até a coloquial) desde unha óptica de non-dependencia do español. Non se trata, pois, de inventar nada, mais de restaurar o que a castellanización está a pór en perigo; por exemplo, a intercalación do pronome átono entre a preposición e o infinitivo (*teño de o facei*) “é sentida como estraña pola maioría do alumnado”, de modo que esta colocación marcada “polo seu carácter diverxente do castelán, se atopa en proceso claro de desaparición entre o colectivo representado na mostra” (Silva 2006: 229).

Por outro lado, nas definicións de purismo que recompila Thomas (1991: 10-12) doutros autores transparen conceptos como os seguintes: a ausencia de palabras de orixe non nativa, a eliminación de todos os elementos foráneos dunha lingua e a súa substitución por outros nativos, a oposición tanto a estranxeirismos como a dialectalismos e xirias, a consideración dun dialecto ou dunha variedade social de lingua como superior a outras, a loita contra a introdución de empréstitos e palabras internacionais, a condena do desvío de certas regras gramaticais e de calquera alteración do *statu quo* da lingua, a defensa dun modelo de lingua con base no estándar e no cultivo literario, diferentes formas de cultivo da lingua e de planificación lingüística que teñen como obxectivo común liberaren a lingua –ou mantérenla libre– de influencias estranxeiras etc. Aínda que esta última definición introduce acertadamente a referencia á planificación lingüística, ningunha delas representa o concepto de lingua de calidade que vimos defendendo para o galego, nin tan sequera a completa e interesante definición de purismo que propón o propio George Thomas após a revisión anterior:

Purism is the manifestation of a desire on the part of a speech community (or some section of it) to preserve a language from, or rid it of, putative foreign elements or other elements held to be undesirable (including those originating in dialects, sociolects and styles of the same language). It may be directed at all linguistic levels but primarily the lexicon. Above all, purism is an aspect of the codification, cultivation and planning of standard languages (Thomas 1991: 12).

Nada acho en contra de identificar a procura da calidade lingüística como máis un aspecto da planificación da lingua normativa. Mais a defensa dunha lingua de calidade non é a loita contra os estranxeirismos –o galego precisamente necesita moitos após séculos de reclusión no ámbito oral e informal–, nin a procura da pureza etimolóxica das palabras, nin a eliminación de dialectalismos ou de calquera outra forma propia dos diferentes

estilos e rexistros populares –unha das grandes carencias do galego–, nin a fechazón a calquera innovación –o galego e todas as linguas a precisan–, nin o inmovilismo gramatical, nin a defensa da lingua literaria como único modelo etc. Por lingua de calidade entendemos, basicamente, a manutención e/ou recuperación de trazos recesivos singulares do galego que polo xeral aínda perviven na fala das persoas idosas¹³ e depuración dos castelanismos sen límite que poñen en perigo a viabilidade do idioma. A partir de aí, que o galego se desenvolva e reproduza con aproveitamento de todos os recursos ao seu dispor que o puideren enriquecer, sen máis límites nin impedimentos que os que dita o sentido común e a necesidade de manter a coherencia interna, máis ou menos da mesma maneira que acontece coas demais linguas en situación de normalidade.

Por tanto, as persoas que insistimos na calidade da lingua non nos vemos reflectidas, ou cando menos eu non me vexo a min propio, no conxunto de imaxes que da persoa purista nos ofrece Thomas (1991: 19-24): non nos sentimos como o muiñeiro que separa o trigo do farelo, nin cal xardineiro que cuida a lingua como se fosen as plantas do xardín, nin cal minerólogo ou ourive que limpa de impurezas un valioso metal, nin cal afiadador que pon a punto os recursos do idioma, nin como o médico ou o sacerdote que cuida a saúde da lingua, nin como o xenealoxista ou xenetista que expende certificados de lexitimidade lingüística. Thomas (1991: 216-217) distingue entre un purismo racional e outro purismo non-racional. O racional consideraría que “the purification of a language is not an end in itself but is only a means to providing a language with prestige” e ao mesmo tempo integraría dentro dunha resposta global ás necesidades funcionais dunha lingua, como parte do cultivo dela. Nisto é fácil concordar, mais o autor está a falar en xeral do purismo nas linguas non-minorizadas ou linguas dos estados, que non é exactamente igual que nas linguas minorizadas. Mesmo ao tratar das situacións de diglosia con relación ao purismo (Thomas 1991: 129-131) cita casos como os do inglés británico e o norteamericano, o español ibérico e o americano ou mesmo o alemán de Suíza, alén do serbio e o croata. Partindo deste último caso fala de que en certas circunstancias pode desenvolverse unha variedade de transición que actúa como ponte entre dous códigos polarizados, exemplificando co que acontece en Bosnia-Herzegovina; deste modo, a neutralización desa oposición e o xurdimento de variedades de transición só tería sido posíbel “by the relaxation of puristic attitudes” (p. 130).

13 Mesmo canto ao uso dalgunhas estruturas morfosintácticas singulares entre a xente nova “os mellores resultados se corresponderon cos colectivos instalados primariamente no galego, que residen en contornos máis galegofonos e que escolarmente tamén tiveron maior relación con este idioma” (Silva 2006: 234).

Mais para o caso do galego tal neutralización, de a aplicarmos á súa relación co español, non se torna nada beneficiosa para el, todo o contrario. Se recuamos aos primordios do galego medio con dous códigos xa ben diferenciados, galego e castelán, na Galiza non só non houbo relaxación das actitudes puristas como total ausencia de calquera tipo de purismo até a segunda metade do XIX, como mínimo, e con mínima repercusión social até o último terzo do século pasado. E o resultado foi un continuo proceso de castellanización que deu orixe a diferentes variedades de transición ou interlectos, entre elas o castrapo ou castelán intencional e o galego chapurreado ou galego intencional (Monteagudo (2005: 421), ambas a marcaren ineludiblemente o camiño da confluencia no grande río da lingua estatal. Nestas circunstancias, se callar algún beneficio podería ter achegado certo grao de purismo para a preservación do galego, sobre todo tendo en conta que “[t]out purisme est défensif” e provén dunha ameaza “réelle ou imaginaire” –neste caso ben real–, embora se deban evitar os seus excesos (Maurais 1999: 81).

Tamén alude Thomas ás dúas variedades do grego –Katharevousa ou grego antigo e Dimotiki ou grego moderno– como modalidade de diglosia para afirmar que, calquera que for o resultado desta, só se poden romper os límites entre as dúas variedades tamén pola relaxación das actitudes puristas. Mais tampouco é esta situación equiparábel directamente coa diglosia galega entre unha lingua dominante, de procedencia foránea, e a lingua autóctone. En todo o caso, de entendermos nun sentido lato o portugués como unha variante máis directa do galego antigo, sen tantas interferencias do castelán, podíamos falar de que unha relaxación desas tendencias puristas que pretenden manter ben afastada a modalidade galega da portuguesa permitiría un maior achegamento entre as dúas pólas do tronco lingüístico común. Mais dá a sensación de que ese purismo que prefire *Galicia a Galiza*, *bo a bon* ou *posible a posibel* non é valorizado tan pexorativamente. Se o purismo é tan negativo –mesmo elitista e xenófobo– e a hibridación tan positiva e moderna, por que non relaxamos o primeiro e consagramos a segunda na relación entre as variantes galegas e as chamadas lusófonas? Sabemos que a hibridación socialmente significativa se dá entre galego e español, mais tamén existe unha minoría reintegracionista que propugna e practica unha aproximación –hibridación– galego-portuguesa; porén, en canto se postula unha valorización positiva da primeira, descualifícase e mesmo se ridiculiza a segunda (Gonçales Blasco 2010). Non terá razón a profesora García Negro (2009: 153-167) cando fala da lusofobia como un modalidade da galegofobia e viceversa?

Convén reiterarmos que por lingua de calidade entendemos, no caso galego, unha lingua que conserva aqueles trazos históricos máis xenuínos (cuxa falta

de uso só se pode explicar por non seren propios do español) e unha lingua sen castelanismos superfluos por toda a parte, tanto directos como indirectos (hipergaleguismos e outros diferencialismos); isto é, unha lingua auténtica –fiel a si propia– e depurada de interferencias que só mantén con regularidade algúns castelanismos necesarios e naturais que non poñen en perigo formas lexítimas do galego. Falamos, así, dun galego auténtico e con posibilidades de futuro, que non se afaste máis do imprescindíbel das súas raíces históricas e que non derive cada vez máis cara a ese galego-castelán que temía Carvalho Calero. Un galego de calidade é, cando menos para quen isto escribe, un galego descastellanizado, que conserva –ou mesmo recupera– as súas formas máis tradicionais e auténticas, e que por tanto se mantén máis próximo do portugués. Xa dixera Rafael Dieste (1981: 34) que “canto máis portugués é o portugués e máis galego o galego, máis veñen a se asemellaren. O que máis distingue a un idioma do outro son os castelanismos que nun e noutro eisen. ‘Enxebrizárense’ ven sendo pra os dous o mesmo que se achegaren”. Pois iso é o que eu entendo por galego de calidade: un galego sen castelanismos, máis auténtico –máis ‘enxebre’ se se quixer– e o máis próximo posíbel do portugués sen renunciar a nada que lle sexa propio.

Por outro lado, xa hai máis de dúas décadas que Jesús Royo (1992) publicara *Una lengua es un mercat* e hoxe máis que nunca, como consecuencia do proceso acelerado de mundialización da economía a beneficio dos poderosos, se insiste na idea de que as linguas teñen de competir nun mercado onde os falantes son consumidores –cf. “Els usuaris lingüístics com a consumidors” (Solé Camardons 2006) ou “Les llengües, objectes de mercat” (Martí i Castell (2006)– que escollen o produto, neste caso lingüístico, da súa preferència. Ben sabemos que os falantes non son libres para escolleren (Monteagudo 2012: 81-88), mais dentro das limitadas posibilidades de escolla que puider ter unha persoa galega, quen vai optar por un produto considerado de má calidade? Dísenos que no mercado a calidade do produto é fundamental e de aí deriva que se establezan marcas de calidade e denominacións de orixe como garantía desa calidade. Entón, quen vai apostar nun galego acastrapado ou castellanizado, nun galego híbrido, se ten ao lado un produto auténtico, con denominación de orixe? Pois por galego de calidade entendo tamén un galego con denominación de orixe, un galego auténtico, fiel a si propio e non un produto da hibridación con outra lingua de status superior que ameaza a súa propia existencia futura. Se o galego se parecer cada vez máis ao castelán, os falantes preferirán a marca auténtica e non a de imitación¹⁴.

14 A se referir expresamente ao modelo de lingua oral que se transmite desde os medios públicos galegos, afirma Dobao (1999: 366): “Para qué gastar esforzos en aprender ese *novo galego* tan ficticio como desposuído de identidade se se ten a man unha lingua de probada eficacia”.

Ben se entendeu na Cataluña cando apostan na calidade lingüística e na promoción dun modelo de lingua común –estándar– como forma de defensa face ao español. Solé i Camardons (2001: 103), so o rótulo “O estándar o substitució”, afirma: “En els processos de substitució o minorització, l’opció que es planteja és o crear i enfortir un estándar propi o bé acceptar la subordinació que acaba convertint l’estándard de la llengua dominant en el codi de referència de la llengua dominada”. É claro que a existencia dun estándar ben definido e o emprego dunha lingua de calidade se tornan imprescindibles para daren credibilidade e eficacia ao procedo normalizador. Anna Torrent (2006: 118-120), nunha sección intitulada “La qualitat lingüística de la publicitat catalana”, chama a atención sobre os erros lingüísticos que se detectan nos anuncios en catalán, que van en detrimento da función que exerce a publicidade como normalizadora da lingua; critica tanto os erros na pronuncia como na sintaxe e no léxico, a denunciar que en moitos casos estes poñen ao descuberto o feito de os anuncios seren traducións dun modelo inicial en castelán, lingua subxacente que condiciona escollas lexicais –na procura da forma máis parecida á castelá– e frases feitas, todo o cal “non ajuda gens a donar una visió de serietat i competència” nin das mensaxes publicitarias nin da lingua en xeral.

Se na Galiza se estableceu a marca de ‘Galicia calidade’ e se fai publicidade con diversos ‘produtos de calidade’ por seren cultivados ou feitos aquí, por que se torna sospeitoso falarmos de ‘galego de calidade’, ‘lingua de calidade’ ou ‘calidade da lingua’? Certamente, no mundo académico posúe máis tradición o termo ‘purismo’ (Thomas 1991), que hoxe parece ter moitos detractores (cf., por exemplo, varios dos traballos incluídos en Gugenberger & Monteagudo & Rei-Doval 2013). Un profesor da Universidade de Santiago e membro do Instituto da Lingua Galega escribía hai xa dúas décadas a propósito do mal uso do galego falado por persoas públicas:

Pero esas deficiencias non son desculpables de ningunha maneira nos profesionais da palabra (locutores, actores) e menos aínda nos profesionais da lingua (profesores). Para estes profesionais non serven desculpas baseadas na orixe castelanfalante nin de ningún outro tipo. Calquera pode comprender que para presenta-los informativos da televisión francesa é imprescindible falar ben o francés [...].

Ningunha razón pode xustificar que tantos profesionais dos medios de comunicación teñan un dominio tan deficiente do galego oral, e o que é peor, que tras anos de exercicio da profesión sigan facendo gala da mesma incompetencia lingüística (Regueira 1994: 57-58).

Poderíamos considerar esta opinión, que partillo completamente, como purista? Se callar si. Mais persoalmente non teño utilizado o termo ‘purismo’ nin me declarei nunca purista, aínda que no fondo manteña posicionamentos nalgún aspecto próximos para me referir ao momento actual da lingua galega. Prefiro, en troca, falar de lingua de calidade (Freixeiro 2009), mais comprendo as declaracións de purismo lingüístico cando nos referimos ao proceso de elaboración do estándar do galego, tanto escrito como oral, e inclusive a súa vinculación ao portugués, como fai o mesmo profesor ao responder ás características que debería presentar o estándar oral do galego:

No referente á primeira pregunta, despois de actuar con criterio purista no estándar escrito parece congruente que se apliquen os mesmos criterios na lingua oral: purismo selectivo, dirixido sobre todo a marcar a fronteira co español. A continuación atención á lingua falada (nas variedades tradicionais, conservadoras) e ao portugués [...].

Outra cuestión é a prescrición da soante lateral palatal [ɫ], que só as variedades máis vellas e algúns individuos illados conservan. Neste punto o criterio purista choca coa realidade lingüística, e nin mesmo os puristas pronunciamos esta soante nin na comunicación máis formal (Regueira 2005: 87).

Cóntase este autor entre os puristas e noutro dos seus traballos (Regueira 2012b)¹⁵ inclúe tamén nese grupo as persoas que vimos preferindo a expresión ‘calidade da lingua’, aínda que se nos atribúa unha decantación exclusiva por un modelo de lingua escrita que implica desvalorización da lingua falada (Regueira 2012b: 191). Certamente, é posíbel que nalgún traballo (Freixeiro 2009, por exemplo), pola súa concepción e intencionalidade, se preste algo máis de atención á lingua escrita e que neste sentido se singularicen certos fenómenos morfosintácticos (infinitivo flexionado, futuro de subxuntivo, CD sen preposición etc.) que comunmente se asocian máis á lingua escrita. Porén, tamén poden e deben facer parte igualmente da oralidade, tanto formal como informal ou popular. Talvez conviría incidir máis en aspectos fonéticos de relevancia, como as realizacións tradicionais do vocalismo átono postónico e final, en que Regueira vén insistindo ultimamente (Regueira 2005, 2008, 2009, 2012, 2013), mais ningunha afirmación se ten realizado que contradiga estas aseveracións. Ben polo contrario, moitas son as referencias á importancia de defendermos e preservarmos a fonética tradicional: “A conservación na fala de todos eses matices que caracterizan

15 Nun traballo bastante anterior afirmaba que “é importante preservar a pureza léxica ou gramatical da lingua”, embora tamén se deba atender “a que os modelos urbanos e cultos se constrúan sobre as bases fonéticas do galego” (Regueira 1997: 192).

a nosa rica fonética popular [...] contribúe para o enriquecemento da lingua e para a súa grande expresividade” (Freixeiro 2009: 31); “unha entoación galega ben definida e marcada debe ser mérito preferente e decisivo para acceder a determinados postos de traballo [...] é necesario dotarmos de prestixio o acento galego [...] son horas de irmos fixando un modelo de fonética común e culto que [...] contribúa para preservar os trazos fonéticos máis auténticos do galego e para prestixiar o tradicionalmente tan deostado acento galego” (p. 34). Non hai, pois, minusvalorización nin desprezo da lingua oral popular nin do sotaque tradicional. Nin se critica en ningún momento as persoas que son falantes tradicionais de galego e que usan un modelo de lingua bastante ou moito castelanizada, sobre todo no léxico e na morfoloxía, aínda que non gostemos dese modelo. Tampouco se critica nin se condena en ningún momento, aínda que se lamente e se pretenda corrixir, o modelo de fonética castelanizada das persoas neofalantes. O que si critico e condeno é o uso público dun galego deturpado, desleixado ou castelanizado por parte de quen ten capacidade e preparación para o falar con corrección e, alén diso, ocupa postos de responsabilidade con relación á lingua: profesorado da materia, traballadores e traballadoras dos medios de comunicación públicos da Galiza, cargos político-institucionais, membros da RAG etc. (Freixeiro 2009: 42).

Inclusive no relativo ao fenómeno da gheada, sobre a cal me teño declarado contrario á súa incorporación ao estándar con base na súa orixe castelanista –en que firmemente acredito–, na má reputación social e no afastamento do portugués que implica, nas ocasións en que me referín a ela, alén de repasar xuízos desfavorábeis dunha parte importante da tradición galeguista, dos cales non me podo facer responsábel, acrecentei aseveracións relativas a “deixarmos a gheada como máis un trazo dialectal do galego, que como tal debe ser respectado, o mesmo que todos os seus utentes espontáneos e aqueles que voluntariamente o quixeren utilizar”, a destacar que mesmo “pode desempeñar un papel positivo na extensión do uso do galego en determinados contextos” (Freixeiro 2009: 30). Acho que se torna exaxerado procurar nestes pronunciamentos algún indicio de elitismo ou xenofobia (Recalde 2003), nomeadamente se se trata de alguén gheadófono *ex initio* que naceu e se criou nunha pequena aldea do rural galego.

O até aquí exposto demanda tamén algunha referencia máis pormenorizada ao tema das elites e da política. Nunca pretendín negar a vinculación entre lingua e política; polo contrario, téñoa afirmado en moitas ocasións e nalgunha de forma ben explícita (Freixeiro 2009: 157). Dando por evidentes certos puntos comúns entre os conceptos de calidade da lingua e de purismo, tampouco este foi considerado polos investigadores e investigadoras

como algo alleo á política; proba disto é o volume *The Politics of Language Purism* (Jernudd & Shapiro 1989), onde un dos editores resalta a división entre uns colaboradores partidarios de trataren os movementos puristas como unha cuestión política e outros que consideran o purismo como un problema técnico e/ou administrativo (Shapiro 1989: 21); na mesma idea incide Neustupny (1989: 221) cando di que algúns “puristic movements may have a strong overt ideological background, while others may be based more on unconscious and unpolitical evaluation”. Con todo, no caso galego é difícil calquera posicionamento a respecto do purismo ou da calidade da lingua que non vaia ligado a unha concepción político-ideolóxica do galego máis ou menos definida.

A vinculación da defensa da calidade da lingua coa política costuma utilizarse de forma perversa para tentar desacreditar a primeira. Sabemos da má valorización social da política, nomeadamente na actualidade, de modo que calquera argumento que relacionar a lingua con ela gozará en principio de eficacia persuasiva. Mais a pregunta é se se torna posíbel ou realista imaxinarmos unha preocupación pola calidade da lingua en quen non posuír un proxecto político de futuro para ela. Alguén que non acreditar nunha Galiza como suxeito político con capacidade de decisión e con identidade propia, onde a lingua ocupa un papel central, poderá estar preocupado pola deturpación castelanizadora desta? Parece difícil, pois no mellor dos casos nada lle importaría que se perpetuase a súa condición de lingua subalterna. E se houber unha maioría social que non ten ese proxecto de futuro para o galego, debe a minoría que si o ten renunciar a traballar por mudar a situación? A historia moderna e contemporánea da Galiza demóstranos que houbo unha minoría que veu loitando pola dignificación da lingua galega, mesmo con actitudes puristas en ocasións, porque non quería asumir a condición subordinada do galego a respecto do español e porque aspiraba a unha Galiza dona dos seus propios destinos coa súa lingua socialmente normalizada. Por isto sostén Annamulai (1989: 230): “Purism is a linguistic manifestation of a social act to reject dominance and assert self-identity”. E por iso tamén se algún sentido ten a loita pola calidade da lingua e mesmo por certo grao de purismo é en casos como o galego, onde o principal sinal de identidade colectiva está nun proceso de erosión interna que pon en perigo o seu futuro e con el o da propia comunidade que a fala como entidade política con personalidade de seu.

Neste mesmo sentido escribe Teresa Moure (2011: 109) que loitarmos pola lingua “é tanto como nos asegurarmos a dignidade, reconstruímos a identidade colectiva, en nome de quen veña detrás”. E nesa loita pola lingua inclúe a calidade, que achega prestixio e seguranza ás persoas que a em-

pregan; en troca, a falta dun modelo consolidado de galego de calidade e a súa translación adecuada á sociedade constrúe esa “imaxe dominante que a sociedade ten do galego como lingua válida só para o rexistro coloquial” (Formoso 2013: 154). Sen ese modelo non é posíbel a normalización lingüística.

Por outro lado, máis unha consecuencia perversa do longo proceso de dominio do castelán sobre o galego é a asunción polos e polas falantes nalgúns casos do castelanismo como se fose a forma auténtica e identificadora dunha maneira de falar concreta que conforma o seu ámbito de relación afectiva. Neste sentido, utilízanse castelanismos moito enraizados na oralidade popular non porque se descoñezan as formas galegas correspondentes nin porque estas dificulten a comunicación. Utilízanse porque reforzan o vínculo afectivo na comunicación entre as persoas interlocutoras, porque, paradoxalmente, se converten en marcas de autenticidade e, por consecuencia, porque no fondo é o castelán o que funciona como verdadeira norma social, segundo sostén Silva Valdivia (1991: 37):

Que un galego-falante habitual diga “calle” en vez de “rúa”, “carretera” por “estrada”, “rodilla” no lugar de “xeonllo”, “abuelo” en vez de “avó”, etc. acaba por ser, en segundo qué contextos ou ámbitos comunicativos, unha esixencia de autenticidade. Poderíamos dicir que o criterio de *adecuación* se antepón ó de *norma*; pero isto non é rigorosamente exacto, porque o que acontece é que o devir histórico fixo que a verdadeira norma (a socialmente asumida) estivese representada polas formas castelás. Pasa especialmente na esfera máis íntima e familiar, e por iso resulta tan difícil regaleguizar algo tan persoal como o propio nome.

Neste sentido, é curioso como desde o ámbito do catalán Marfany (2008: 88-89) afirma que non se debe usar o termo *castellanització* par nos referirmos ao uso de nomes como *Jacinto*, *Cayetano* ou *Francisco* falando en catalán; polo contrario, segundo el debemos falar de *catalanització* neste caso. Na realidade, este autor defende unha distinción estrita entre diglosia e castellanización, termo este que converte en sinónimo de substitución lingüística e que define como “substitución total del català pel castellà”, de modo que se castellaniza aquel que abandona o catalán para todas as funcións excepto eventualmente para se dirixir a persoas socialmente inferiores que doutra maneira non o entenderían; polo contrario, se unha persoa fala habitualmente catalán e escribe en español iso é para el diglosia. Recomenda, pois, evitar o termo castellanización para denominar o fenómeno da introdución de castelanismos léxicos, morfolóxicos e sintácticos, “per abassegadora que en algun moment pugui ser”, no catalán, en canto afirma que, en falando de historia social da lingua catalá, “el mot que convé a

aquesta realitat és justament el contrari: catalanització, és a dir assimilació fagocitadora de la llengua intrusa”. É, con certeza, unha forma diferente de ver o fenómeno da penetración de castelanismos: non se trataría tanto da aproximación da lingua dominada á dominante como da apropiación de elementos lingüísticos desta para os converter en propios. Estes serían introducidos cal cabalo de Troia que logo vai destruír a lingua desde dentro. Aplicado isto ao noso caso, diríamos que non é tanto que o galego se castellanice como que o castelán se vai galeguizando até o fagocitar. Neste sentido, e de acordo con certo sentimento popular que considera *pueblo* unha forma propia e *pobo* forma estraña, podíamos dicir que *calle*, *carretera*, *fraile*, *Dios* ou *abuelo* son formas galeguizadas que están a devorar –ou devoraron xa hai moito tempo na fala popular– *rúa*, *estrada*, *frade*, *Deus* ou *avó*. Hai case catro décadas algún filólogo xa daba por desaparecidas estas tres últimas palabras e dicía que un “mundo entero, material y espiritual, cambia de denominación”, preguntándose a seguir se tardaría moito en xurdir un léxico común e se logo resistiría o sistema morfosintáctico do galego (García 1976: 339)¹⁶. Aínda se mantén a esperanza de que a revitalización das palabras galegas –e do galego– sexa posíbel, mais sempre a nos referirmos ás palabras historicamente galegas, non ás de precedencia castelá que atentan contra a autenticidade do idioma.

4.2. Hibridación e demagogia

Nos estudos sobre o contacto de linguas primeiramente fóronse establecendo conceptos como ‘interferencia’ ou ‘empréstimo’, que responden a unha perspectiva unicultural ou pluricultural; máis tarde, polos anos 80, apareceron outros conceptos como ‘alternancia de códigos’ (*code-switching*)¹⁷ e ‘mestura de códigos’ (*code-mixing*) que introducen un paradigma intercultural; e a partir dos anos 90 vai gañando terreo o discurso da transculturalidade e da ‘hibridación’ (ou ‘hibrididade’), que se pode denominar ‘perspectiva hibridista’ ou ‘translingual’ para marcar a oposición á perspectiva purista e monolingüe ou bilingüe das fases anteriores (Guggenberger 2013: 20-21). Entraríamos, pois, nun novo paradigma, o da hibridación, que pon en primeiro plano a heteroxeneidade e o contacto, en canto as linguas como sistemas ficarían relegadas a un lugar secundario.

16 En Silva (2005, 2006) constátase o alto grao de interferencia morfosintáctica que se produce inclusive no galego de persoas novas que foron escolarizadas parcialmente en galego e que estudaron este como materia durante 10 anos.

17 Sobre a alternancia de códigos son de interese varios traballos de Álvarez Cáccamo (1990, 1998, 2000 etc.), tanto por se referiren ao galego como desde unha perspectiva teórica; tamén Silva Valdivia (1994).

Os e as falantes pasan a ser o centro de atención e elas escollen os recursos lingüísticos que teñen ao seu dispor, dentro dun contínuum interlingüístico, de acordo cos seus propósitos comunicativos, de maneira que crean discursos híbridos por combinación de elementos de dúas ou máis linguas ou variedades en diferentes proporcións, a expresaren así “diferentes facetas das súas identidades”. Os espazos intermedios pasan a ser o punto de partida, a mestura convértese no primordial e o/a falante expresa unha identidade híbrida. E en lugar de expresións pexorativas como ‘chapurreo’ ou ‘castrapo’, teremos as falas híbridas ou ‘hibridolectos’, que se valorizarán “como manifestación da creatividade do falante”. A hibridación tórnase así un concepto de emancipación social cun “forte compoñente ideolóxico, a saber, antipurista”, que abre “o camiño cara á transgresión de fronteiras e á innovación” (Gugenberger 2013: 30-32).

Con seguranza, este discurso tornarase grato para quen vivir comodamente instalado nunha das grandes linguas dos estados, mais non así para as persoas que falan linguas minorizadas e queren que os seus descendentes tamén as poidan falar. No caso galego, de asumirmos este paradigma, acabaríanse os debates nominalistas: galego-castelán, galego-portugués, castrapo, chapurreado etc.; todos e todas circularíamos por un ‘espazo translingual’ no cal utilizaríamos diferentes estratexias segundo os casos: un enunciado nunha lingua e outro noutra (*code-switching* interoracional), ítems lexicais ou secuencias maiores de linguas diferentes nun mesmo enunciado (*code-mixing* ou *code-switching* intraoracional), combinación de morfemas lexicais e gramaticais e esquemas morfosintácticos de varias linguas, mestura de trazos fonicos e prosódicos etc. E no centro de todo isto sempre o/a falante coa súa libre decisión, porque o importante son as persoas e non as linguas. No entanto, repárese en que este tamén é o discurso das asociacións galegas que se erixiron en defensoras da ‘liberdade lingüística’ e en contra da ‘imposición do galego’; e acho que non tanto por estaren conformes con ese principio como por saberen que ese discurso sempre favorece a lingua dominante, o español. Aliás, tal discurso da hibridación ou da mestizaxe é o que utiliza hoxe o Estado español –e as institucións lingüísticas ao seu servizo como a Real Academia Española ou o Instituto Cervantes– para ampliar a súa influencia no mundo, nomeadamente en América, ao paso que propicia a implantación e expansión das grandes corporacións económicas, como nos explica José del Valle (2007). Para o galego a hibridación pode converterse nun eufemismo da españolización.

En síntese, non sei se este paradigma da hibridación pode ser válido e útil para ámbitos transfronteirizos onde se mesturan linguas oficiais de dous ou máis estados (portuñol, spanglish etc.) ou para ‘cidades inmigratorias pos-

modernas’ convertidas en espazos transculturais e multilingües, talvez si, mais estou convencido de que na Galiza só é útil para incrementar o dominio do español e para acelerar o proceso de substitución lingüística. Por iso, cando a profesora Gugenberger pregunta “se o paradigma da hibrididade só serve para o debate científico e os xogos intelectuais” ou se tamén pode valer para as políticas lingüísticas que procuran a normalización das linguas minorizadas do Estado español, a resposta correcta, na miña opinión, é negativa. A mesma autora reconece que “cando se trata de recuperar todas as funcións sociais dunha lingua dominada, xustifícase unha postura purista” porque “pode cumprir unha función identitaria importante”, aínda que advirte da dificultade de se afastar moito dos falantes se esa postura purista é “extrema” (Gugenberger 2013: 42). Face ao concepto de hibridación, non propomos un purismo extremo, mais si o concepto de calidade da lingua tal como xa foi explicado.

Sen caermos tampouco “na obsesión polo purismo abstracto e descontextualizado”, asumimos con Silva (2013: 312) a necesidade da “depuración de castelanismos e a conseguinte preservación da escasa distancia estrutural co castelán” como “requisitos para a identificación do galego como código diferenciado e, en consecuencia, para a súa normalización social”. Partillamos igualmente con este autor “unha visión da lingua dinámica, viva e aberta á innovación, pero tamén esixente e respectuosa coa norma”, pois, para alén do tópico de que o importante é entendérmonos,

no uso das linguas tamén hai outros valores: o rigor, a precisión, a variedade e a creatividade; e estes valores hai que cultivalos especialmente nas linguas de instalación primaria e nas que definen historicamente o territorio. Non reclamar estes valores para o galego sería inducir dinámicas de converxencia indiscriminada co castelán, que alguén pode defender desde unha perspectiva da fluidez intercomunicativa, pero que acabaría neutralizando os seus trazos diferenciais e converténdoo nun simple *patois* do castelán (Silva 2013: 312-313).

Non se trata, por conseguinte, de nos fecharmos a nada, de nos obsesionarmos con nada, de impedirmos nada, mais de ofrecermos “espazos comunicativos amplos, diversos e exemplares que combinen corrección, autenticidade e variedade”, como acrecenta Silva, sempre co propósito de mellorarmos a calidade da lingua. Porque é certo que se produciron avances importantes no consenso ortográfico e morfosintáctico, que tamén se avanzou na depuración do léxico e inclusive na recuperación de palabras en vías de extinción, mais no plano oral non se deu asentado un estándar referencial (Regueira 2012a: 34-39) e “a fala viva segue estando inzada de

castellanismos que os falantes asumen moitas veces conscientemente con argumentos de autenticidade e adecuación”, como afirma Silva, que fala dun “proceso de castellanización descoñecido na historia anterior do galego”, o cal non nos debe levar a unha cultura da resistencia mais tampouco a “considerar aceptable todo o que existe na fala ou non ofrecer ningunha resistencia ás presións extralingüísticas” (Silva 2013: 309).

Ten razón tamén este autor cando afirma que a calidade da lingua non é un absoluto e que debe ser relativizada cando se trata de persoas que se incorporan ao galego como lingua segunda, ben por seren de procedencia foránea ou castelanfalantes nativos. Isto é tan evidente que non cómpre insistirmos; mais tamén acrecenta que estes neofalantes “deben sentir o compromiso de avanzar na mellora do seu galego, que as influencias normais do castelán deben ser unha circunstancia transitoria na progresión cara a lingua meta e que normalmente non se lles debe asignar a responsabilidade de seren os modelos públicos da lingua” (Silva 2013: 310). Ben está que así sexa; porén, non son estas persoas o centro do problema, máis ben son unha das solucións. O centro está naquelas persoas que, podendo falaren ben o galego, o falan mal; ou que tendo a responsabilidade de o falaren ben, non o fan por rutina, desinterese ou desleixo, a se perder así a oportunidade de se converteren en modelos para as persoas neofalantes. Estas, por tanto, carecen polo xeral de referencias e tamén non senten a presión de melloraren o uso da lingua porque ao seu redor están continuamente a escoitaren galegofalantes tradicionais cunha lingua se callar máis castellanizada nalgúns aspectos que a que eles mesmos utilizan. Deste modo, o desleixo lingüístico contáminase e expándese porque na sociedade non se establececeu ningún criterio de sanción moral polo mal uso da lingua. E así encontrámonos con casos de representantes políticos ou de profesorado de lingua galega, por exemplo, que levan toda a vida falando en galego e cada vez o falan peor; e tamén existen persoas que foron neofalantes hai corenta anos e que hoxe continúan a ter os mesmos trazos caracterizadores deste grupo (non distinguen as sete vogais, non pronuncian o <n> velar etc.); de ambos os casos podería dar nomes concretos e coñecidos. Todo isto pasa, na miña opinión, porque na sociedade non calou o discurso da calidade da lingua. Mais, como ía calar se aínda hoxe non o teñen asumido as máximas autoridades lingüísticas, académicas e institucionais? Eis o problema.

A preocupación pola baixa calidade da lingua non deriva, pois, do uso deficiente que dela fan as persoas que a están a aprender, algo natural, lóxico e mesmo desexábel en certo modo. O problema é que fan uso deturpado dela as persoas que deberían ser as e os falantes exemplares e tamén moitas persoas que falan o galego tradicional. Como ese mal uso é produto

das interferencias do español, moitas e profundamente enraizadas até se percibiren como propias nalgúns casos, coincido con Silva (2013: 311) en que se debe ser “rigoroso” cos castellanismos gramaticais e fonéticos, mais non concordo tanto en que se teña unha menor exixencia “co recurso espontáneo a castellanismos léxicos moi asentados” se isto supuxer algún tipo de lexitimación destes. Xa sabemos que están aí e que non vai ser fácil eliminalos; tampouco temos moitos mecanismos para os corrirmos, mais cando menos deberemos manter un criterio claro e coherente que non abra a vía da legalización como formas galegas a aquelas que, sendo foráneas, están a acabar con outras que son propias. Unha vez que se abrise a torneira, sería moito difícil determos a enxurrada. Neste sentido, paréceme totalmente acaído o rexeitamento da RAG a conceder pasaporte de galeguidade á palabra *pulpo*, por moito popular que sexa. Como tampouco se pode recoñecer como galego ese *bueno* multifuncional que se repite cada cinco ou seis palabras nas conversas espontáneas e inclusive en moitas intervencións públicas de carácter formal. Que argumentos habería entón para non facermos o mesmo con *Dios*, *abuelo*, *conexo* etc.? Nas circunstancias a que chegou a lingua galega, calquera concesión ao castellanismo convértese en máis un paso cara á substitución lingüística.

Como nos di Kabatek (2011: 274), todas as linguas son híbridas na súa composición histórica, mais a hibridación nalgún momento da historia pode desembocar na completa integración dunha lingua noutra. Para uns falantes a súa identidade está máis asociada a discursos puros e para outros a discursos híbridos, a se producir así un conflito entre defensores dunha ou doutra posición. Estase a dar agora este debate dunha maneira máis clara na Galiza, aínda que xa estivo presente desde o século XIX, mais na Cataluña tivo o seu punto de eferescencia nos anos 90 co confronto entre o catalán ‘heavy’ e o catalán ‘light’ (cf. Pericay & Toutain 1986, Pazos 1990 ou Tubau 1990) e tamén se produce noutros moitos contextos de contacto de linguas. Ora, xa advirte Kabatek (2011: 282) de que son diferentes as situacións de contacto entre galego ou catalán e español que a mestura de español e inglés no chamado *spanglisch*; este sería un nome que se dá a unha serie de discursos que conteñen elementos de dúas linguas, “pero el *spanglisch* no se ha independizado de estas linguas ni se ha emancipado frente a ellas”, estando o prestixio do lado do inglés (como no caso do castrapo está do lado do español); refírese este autor ás persoas que opinan sobre o purismo e a hibridación sen faceren elas mesmas parte dos grupos afectados e que piden todo o respecto –merecido– para as persoas que están nun espazo híbrido, “pero es fácil predicarlo desde la posición del que tiene acceso al mundo prestigioso del inglés ‘puro’”; ese espazo híbrido ou ‘terceiro espazo’ debe existir como opción dos falantes, “no como necesidad o prisión

de la que no se puede salir aunque se quiera”. Non dubida Kabatek en cualificar de demagóxicas as persoas que defenden a hibridación desde a súa posición privilexiada como falantes das grandes linguas dos estados:

El demagogo es el que, sin pertenecer a los grupos realmente implicados, llama la atención sobre ciertas características de estos grupos y les atribuye valores. Como el demagogo viene de fuera del grupo, el grupo suele valorar su juicio como más objetivo y de más valor que un juicio semejante por parte de un miembro del grupo. El demagogo viene de una posición social asegurada y les dice a los que mezclan español e inglés que lo que hacen es expresión de una nueva cultura, que es su identidad, que es el futuro. Les confirma así un comportamiento que él mismo, conocedor perfecto del inglés o del inglés y del español, no tendrá que vivir [...]. Y el demagogo –o solidario– no es, de por sí, ni malo ni bueno, es humano simplemente, pero los que pertenecen a los grupos afectados tendrán que ser conscientes si les conviene o no hacerle caso (Kabatek 2011: 286).

Certamente, non podemos estar máis de acordo con este autor: non é o mesmo falar desde fóra sobre unha situación lingüística determinada que facelo desde dentro dela. E o que vale para o contacto entre o inglés e o español vale tamén para o que se produce entre o galego e o castelán, só que agora a ocupar este a posición prestixiada. Seguindo o razoamento de Kabatek deberemos considerar demagogas aquelas persoas que defenden o uso do castrapo desde a súa cómoda instalación como falantes do español ou mesmo desde o uso do galego estándar, como demagóxica se pode considerar a defensa da gheada por parte de quen a non utiliza nunca ou só fai uso dela en contextos moito concretos. Pódese pedir á xente que soporte unha dupla estigmatización, unha por falar galego e outra por utilizar variedades socialmente estigmatizadas, cando alén do máis iso non parece redundar en beneficio para a lingua? Non será mellor concentrar os esforzos en mellorar o status do galego e a súa calidade, de modo que as persoas que o falen se sintan cada vez máis seguras e recoñecidas, preservando sempre o respecto polo uso de calquera trazo particular? Non debería ser un obxectivo primordial da planificación lingüística traballar pola consolidación dun modelo de lingua digno, respectuoso co propio idioma e con perspectivas de futuro? Como dicía Dieste (1981: 41), os localismos que non se “axeitan” a unha morfoloxía coherente “son, cáseque sempre, hibridismos”; e non só as e os falantes, tamén a lingua deber ser coidada e respectada: “Tódolos días o noso idioma é tratado sen respecto. Dedos brosmos, e adrede desmañados, firen as suas cordas –¡tan sensíbeles– despiadosamente” (Dieste 1981: 155). O mesmo autor escribiu tamén que “[d] epurar e mellorar un idioma ven sendo, como corolario, depurar e mellorar

o esprito que dil se serve” (Dieste 1981: 7). Mellorando a nosa lingua, melloramos nós mesmos porque “Cada um fala como quem é” segundo deixara dito Fernão de Oliveira na súa gramática portuguesa de 1536, citación que Kabatek (1997: 215) reproduce e adapta para o español no título dun dos seus traballos: “Dime cómo hablas y te diré quién eres”; mais tamén temos a versión galega no título dun discurso académico: *Cadaquén fala coma quen é* (Ferro Ruibal 1996). Non debe de ser, pois, unha cuestión secundaria a maneira de falarmos.

As hibridacións lingüísticas conducen en xeral ao uso da lingua dominante, son como unha etapa de transición en canto esta non se domina ben. No período da escola lírica galego-castelá (1350-1450), aínda que os autores casteláns pretendían escribir nun galego que non dominaban porque nese ámbito era na altura lingua dominante, logo o deixou de ser e por tanto non atraeu novos escritores foráneos para o galego, pois tal modelo híbrido (Polín 1994: 143-178) foi unanimemente valorizado de forma negativa. Mais por esa mesma altura na prosa documental, onde xa o galego viña arrastrando certas carencias por a Galiza ter perdido o seu peso político, comezan a aparecer numerosos castelanismos nos textos galegos (Lorenzo 2004: 27) que anuncian a implantación do castelán na escrita e a desaparición do galego nese ámbito durante os séculos escuros. Unha hibridación, pois, que é preludio do dominio do castelán. Tamén neses mesmos séculos do galego medio algúns sectores da nobreza galega utilizaban unha linguaxe híbrida na correspondencia por non dominaren aínda o castelán, como demostran algunhas cartas dirixidas ao conde de Gondomar (Tobío 1973), até que finalmente se impuxo esta lingua na escrita e na oralidade da xente de condición social elevada. O hibridismo, pois, sempre como camiño cara ao español. Nesta liña, cobran moito sentido as consideracións de X. A. Fernández Salgado (2004) sobre os castelanismos como recurso eufemístico: os falantes acudirían ao termo español porque as palabras galegas se converteron en tabús, incluído o propio xentílico que define a súa nacionalidade¹⁸. Por esta vía, o hibridismo podería verse tamén como unha forma de ocultar a vergoña ou o menosprezo de certas palabras galegas e, en definitivo, unha manifestación do complexo de inferioridade e mesmo do autoodio.

18 Véxase Fernández Salgado (2004: 506): “Coido que poucos pobos hai coma Galicia no mundo con lingua de seu, en que os propios falantes empreguen unha palabra estranxeira para denomina-la súa lingua e o seu xentilicio. O castelanismo *gallego* foi ata hai ben pouco a voz xeral en todo o territorio galego, utilizada por nós, os galegos, para chamármonos a nós mesmos e ó noso idioma. A voz *galego*, hoxe felizmente recuperada, conservouse no galego exterior e mais en Portugal.// E pregunto eu: ¿non será o castelanismo *gallego* un eufemismo noso para denominármonos a nós mesmos?”

García Negro (2009: 177) reproduce unha pequena mostra da lingua híbrida utilizada polo mago portugués Luís de Matos nun popular programa da televisión pública galega: “Aquí tenemos un vaso de leite galego, de dosientos mililitros. Agora lo vamos a poner en este outro vaso, máis grande, y lo va ocupar todo...”. Cualifícaa esta autora de “unha mistura acastrapada de galego-portugués-español, nun ‘cóctel’ indixeríbel” e pregúntase se “non abonda co castrapo *natural* e espontáneo”, se non é suficiente “coas graves feridas que o idioma oficial do Estado inflixiu e inflixe no idioma da Galiza”, como para que haxa que acudir, nun dos programas de máis audiencia da TVG, a lle dar megafonía a estoutro método de “re-dexeneración”, “re-deterioración” e “re-españolización”. Por iso que non parece unha boa vía para a normalización o uso dun galego mesturado con castelán nos medios de comunicación públicos, tanto sexa con intencionalidade humorística, para mellor conectar coa xente, como para se facer entender mellor con persoas foráneas que ocasionalmente puideren participar nos programas. Facilitar a comunicación con base na renuncia a trazos propios do galego non contribúe en nada para o seu prestixio nin axuda a consolidar un modelo de lingua prestixiado; polo contrario, constitúe máis un paso no camiño cara á lingua dominante.

4.3. Calidade da lingua e futuro das linguas minorizadas

Se na Franza e máis aínda no Quebec existe preocupación pola calidade da lingua francesa debido á presión do inglés, na Suíza romanda, onde o francés é unha lingua minoritaria nun país plurilingüe, un número relativamente importante de falantes “perçoivent l’influence –réelle ou fictive– des idiomes germaniques comme une menace permanente sur la qualité de leur langue” (De Pietro 1995: 242). Isto demostra que canto maior for a presión e a influencia dunha lingua socialmente considerada como superior ou máis importante, maior será a preocupación pola calidade da lingua en situación de inferioridade por parte das e dos falantes que teñen un proxecto de futuro para ela.

De certo, e como xa se leva reiterado ao longo deste traballo, a preocupación pola calidade da lingua non pode significar o mesmo en casos de linguas normalizadas que se se tratar de linguas en situación de minorización onde a erosión interna se converte nunha real ameaza para a súa propia existencia. Como di Wildgen (2003: 24), hai linguas (e civilizacións) politicamente dominantes que tenden a facer uso da lingua e da educación como instrumentos de dominación e nese caso a poboación “may wish to defend its language (and traditions) against such a challenge and therefore adopt a purist strategy”. Xa tentei deixar claro anteriormente que non equi-

paro a defensa da calidade da lingua co purismo mais, como algo teñen que ver, cómpre dicir que este autor alude a el como mecanismo de defensa das linguas minorizadas, acrecentando que “purism must be in accordance with the collective will of the community”, o cal é razoábel, como o é tamén no caso galego que a construción dun modelo de lingua de calidade, ben diferenciada do español, debe ser un proxecto colectivamente asumido. É evidente que se á sociedade galega non lle importar maioritariamente que a súa lingua propia desapareza absorbida polo español, tal proxecto non será viábel. Mais até o momento sempre houbo unha maioría social en prol da súa preservación, para o cal é imprescindible o modelo de calidade que se vén propondo, na miña opinión.

Convén, pois, que haxa un amplo apoio social arredor dun modelo culto de galego auténtico e de calidade tal como en páxinas precedentes se definiu e non temos ningún dato que nos indique o contrario. Con certeza, non sería tampouco lóxico que nun hipotético inquérito a xente optase por un galego castelanizado antes do que por un galego máis auténtico. Non optaría posibelmente, como tamén non optaría eu, por un purismo lingüístico contrario a calquera mudanza que servise de plataforma para que determinadas persoas ou grupos conseguisen “an elite status”, isto é, como “a strategy for upwardly mobile would-be elites” (Wildgen 2003 13-14). Non nos interesa o purismo, ou este tipo de purismo entre outros que sinala o mesmo autor. Ben sabemos tamén onde están e quen son as elites que veñen gobernando a lingua na Galiza e non está constatado ningún afán de as substituír, como xa se demostrou na revisión normativa de 2003. Propúxose alí unha serie de modificacións, algunhas felizmente aceptadas, sen máis propósito que o de mellorar a calidade da lingua estándar e de preservar a súa autenticidade e o seu futuro. A pesar dos temores manifestados naquela altura por algunhas persoas desa ‘elite’, o tempo demostrou que non había ningún afán de protagonismo e só vontade de avanzar no consenso lingüístico. E, de certo, se un obxectivo do purismo tamén pode ser “to stop any change” (Wildgen 2003: 13), as propostas das persoas que vimos apostando na defensa dunha lingua de calidade van en dirección ben contraria. Onde está, pois, o purismo? Propuxemos e continuamos a propor mudanzas na lingua na procura dunha mellor calidade, a concordarmos neste caso con Neustupny (1989: 221) cando afirma: “It is impossible to accept the simplistic assumption that all correction processes which qualify for the designation ‘purism’ are undesirable”. Tamén sostén este autor que non se pode delimitar claramente a distinción entre o purismo e outros procesos de corrección lingüística, pois todos fan parte dun contínuum (p. 213). Aliás, débese ter en conta que as actitudes lingüísticas son determinantes para o futuro das linguas minorizadas e dependen moito do criterio de corrección existente

na sociedade: “Nos guste o no, la corrección (entendida esta como la cercanía a los modelos de buen uso) desempeña un importante papel en las actitudes lingüísticas de gran parte de la población” (Amorós 2008: 26). Neste sentido, cómpre reiterar que a nosa proposta de lingua de calidade se sitúa máis ben do lado da corrección dos desvíos que o longo e intenso proceso de dominio do castelán sobre o galego foi provocando que do lado do purismo. Este obxectivo corrector non sería de certo o mesmo de o galego ser historicamente unha lingua normalizada; e neste presuposto tampouco manteríamos posicións puristas, sendo evidente que estas non teñen o mesmo significado nunhas linguas do que noutras.

Pode ser que a calidade da lingua non sexa verdadeiramente unha noción lingüística e si sociolóxica ou sociolingüística, como asume Regueira (2012b: 192) a se apoiar nalgúns traballos sobre o francés recompilados en Eloy (1995); con todo, nun destes tamén lemos que desde unha óptica funcionalista “il devient possible de dire que certaines constructions, certaines formes sont plus pertinentes que d’autres, ou plus adéquates à remplir les fonctions attendues” (Boutet 1995: 85). No entanto, todo é discutíbel e sempre dependerá da definición previa do concepto que se establecer e do ámbito concreto de aplicación. Tal como temos definido a calidade da lingua no contexto galego, non parece disparatado considerar con criterios puramente lingüísticos certos textos literarios decimonónicos, por exemplo, como de baixa calidade lingüística, ou certos textos orais da actualidade (p. e., *Che dixen que o jueves vou a ir a comprar unha docena de huevos*). A se referir ao francés do Quebec, Maurais (1999: 62-63) afirma que, embora moitos criterios non-lingüísticos ou paralingüísticos fagan parte da noción de calidade da lingua, “des éléments proprement linguistiques, même si leur rôle n’est pas aussi important, interviennent aussi dans la définition de la qualité de la langue”, acrescentando que no caso do Quebec non se pode facer abstracción das insuficiencias na adquisición de certos mecanismos da lingua. Con todo, aínda admitindo que non existan criterios lingüísticos e si sociolóxicos ou sociolingüísticos, non acho razóns suficientes para xulgar os primeiros como válidos e os segundos como inaceptábeis por seren xuízos de valor ou xuízos sociais, xustificando por isto a inadecuación do concepto de calidade da lingua. É que non hai xuízos de valor en termos estritamente lingüísticos? E non nos dixera Calvet (1998: 8), a se apoiar en Labov, que “a sociolingüística é a lingüística”? Mais do que discrepo abertamente é das dúas deducións que fai Regueira: (i) a lingua ‘de calidade’ é a que fala a ‘xente de calidade’, e (ii) a única cuestión que se dirime co tema da calidade da lingua é quen vai ser o amo desta. Se se invoca Bourdieu para dicir que “a competencia lexítima no mercado dos valores é exercida polos que dominan a escala social”, entón semella claro

que aquelas persoas que fan parte das corporacións onde se dirimen os asuntos da lingua e que, por tanto, ocupan posicións socialmente relevantes e recoñecidas deben encabezar esa listaxe de xente de calidade e, alén diso, serán xa de facto os amos da lingua. En troca, as que carecen de poder institucional dificilmente poderán ser consideradas a elite (e elitistas) por defenderen determinadas ideas a respecto da lingua.

Como xa se veu suxerindo, a maior preocupación pola calidade da lingua costuma producirse en situación de contacto de linguas onde o idioma propio está nunha situación de minorización. No caso do catalán Larreula (2002: 246-260) fala do estado de empobrecemento que na actualidade experimenta a lingua oral que se utiliza correntemente en moitos ambientes, o cal produciría “profunda consternación” nalgúns persoas que ven dúas formas combinadas de substitución lingüística: o uso do castelán en lugar do catalán e o emprego dun catalán cada vez máis parecido ao castelán; isto é, que a lingua catalá pode desaparecer “per substitució, però també per dissolució”. No entanto, pódense observar, de acordo con este mesmo autor, diferenzas notábeis a respecto do caso galego: en canto as persoas preocupadas por este tema na Galiza se basean na castelanización da fala popular das persoas tradicionalmente galegofalantes e daquelas que teñen visibilidade e responsabilidades públicas e institucionais (Freixeiro 2009: 41-42), no caso do catalán a preocupación semella vir polo uso incorrecto da lingua por parte de milleiros de persoas que non teñen o catalán como lingua familiar e tamén por parte de moita xente nova que incorpora na súa fala trazos lingüísticos de procedencia castelá (Larreula 2002: 247).

É este un aspecto relevante, pois o feito de que sexa a fala popular galega –a da xente que naceu e morou sempre na Galiza, e que sempre falou galego– a que presenta un alto grao de interferencia castelanizadora, nomeadamente no léxico, propicia o argumento fácil e simple de que as persoas que pretenden corrixir e mellorar ese modelo están a criticar o pobo, desprezando a súa forma de falar desde posicións galegofóbicas e elitistas. Tal crítica costúmasse estender a todas aquelas persoas ou colectivos que manteñen algunhas discrepancias coa ortodoxia normativa máis rixida ou que sustentan visións ideolóxicas a respecto da lingua defrontadas coa liña oficial, como acontece co movemento reintegracionista, tamén acusado tanto de desprezar o pobo como de deturpar o galego, como afirma Gonçalves Blasco: “é este un argumento repetido até a saciedade polos isolacionistas que se apoian num populismo de patacom para desprestigiarem o reintegracionismo e, nos últimos tempos, acusá-lo de deturpador do galego”. Acrecenta este autor que o pobo galego bastante fixo “com continuar a falar a sua língua nas condições em que o fijo” e que non estaba en condicións de poder deter ese proceso

de degradación interna, tarefa que se debe realizar desde outras instancias: “O noso deber para com o povo é recolhermos essa língua que el conservou e devolver-lha limpa de lixos e espanholismos; eis a verdadeira política lingüística popular” (Gonçales 2010: 152).

Non se discute que as e os falantes son os únicos e verdadeiros donos do idioma e que serán eles quen marquen o camiño que este vai seguir, como afirma Kabatek (1994: 18). Mais a seguir acrecenta: “Ainda así, os lingüistas, os profesores, os profesionais da lingua poden sinala-las tendencias que lles parecen froito de equivocacións e incluso *deben* facelo. E se o fan con bos argumentos, algún éxito terán”. É importante subliñar isto, pois algunhas persoas están a dicir que ninguén debe intervir na lingua máis que as propias persoas que a falan, que nin deben ser dirixidas nin se deixarán dirixir. Estamos perante o confronto entre *Leave your language alone* (Hall 1950) e *Do not leave your language alone* (Fishman 2006), que en casos como o do galego pouca marxe deixa para dúbidas a respecto de cal debe ser a opción: se non se intervir planificadamente sobre o galego –ou sobre outras linguas minorizadas–, o seu futuro estará decantado en sentido negativo; ou como di o propio Fishman e xa se sostiña en *Can language be planned?* (Rubin & Jernudd 1971) a respecto de contornos sociolingüísticos diversos, o rexeitamento da planificación lingüística contribúe de forma encuberta para a manutención do *statu quo* e para a perpetuación das desigualdades entre linguas. Deixar a lingua en paz presuporía, se iso fose posíbel, a repetición da experiencia de Babel e a desintegración da comunidade social, de acordo con Rosenblat (1984: 318), que acrecenta: “Nadie puede dejar la lengua en paz, salvo que se condene al mutismo, recurso no siempre recomendable”. Talvez fose no período dos séculos escuros cando a sociedade galega deixou a súa lingua máis en paz, e xa sabemos os resultados diso na sociedade e na propia lingua; grazas a que Sarmiento, Murguía, Rosalía, Curros, Pondal, Castelao, Carvalho e moitos máis non quixeron deixar a súa lingua en paz, aínda hoxe conservamos a esperanza de normalización. Deixar a lingua en paz tamén presuporía na realidade afastar a lingua dos seus verdadeiros artífices e protagonistas, as e os falantes, como di Amorós (2008: 27), que cualifica esta actitude dun “antiprescriptivismo radical” que implica tamén un posicionamento político e ideolóxico, aínda que, a se apoiar en Deborah Cameron, deixar a lingua en paz tamén é unha verdadeira prescrición¹⁹. Mais non nos deixemos levar

por discursos interesados en prol da redución da diversidade lingüística: as linguas máis planificadas na historia e na actualidade son as grandes linguas dos estados²⁰; precisamente moitas das linguas minorizadas chegaron a este estado por falta de planificación.

Costuma acontecer que as mesmas persoas opostas ás políticas de planificación lingüística –nomeadamente se se tratar de linguas minorizadas– consideran totalmente normal que nas sociedades democráticas, mesmo nas máis avanzadas, se propoñan, confronten e debatan diferentes alternativas para cada un dos ámbitos ou problemas que afectan a cidadanía, desde os económicos aos morais, relixiosos, sexuais, sociais etc. E non é a lingua un fenómeno social de primeirísima importancia? Pois en canto economistas, xuristas, médicas/os, sociólogas/os, bispos ou sexólogas/os están todos os días sendo requiridos –algúns mesmo sen ningún requirimento– para orientaren a sociedade sobre como deben investir os seus aforros para teren un futuro mellor, sobre como defenderen máis eficazmente os seus dereitos, sobre como se alimentaren para gozaren de maior calidade de vida e viviren máis tempo etc., etc., parece que as persoas que son as máximas especialistas no coñecemento da lingua e dos seus problemas pasados, presentes e futuros –presuponse que as e os lingüistas e o profesorado da materia– non poden nin deben aconsellar ou orientar as e os falantes para que a lingua que falan teña unha mellor calidade de vida e un futuro máis duradoiro. De certo que elas decidirán o que mellor consideraren, mais iso non invalida a conveniencia de seren ben asesoradas sobre as consecuencias dos seus actos ou das súas escollas lingüísticas. Tamén a persoa doente vai decidir o que come e o que bebe, ou se fuma ou non, mais o deber do persoal sanitario é advertilo das vantaxes e inconvenientes das súas decisións. Entón, por que o/a lingüista non pode aconsellar en materia de uso da lingua so pena de ser cualificado de elitista ou xenófobo? Ou é que só se pode velar pola boa saúde das grandes linguas dos estados, mais non pola daquelas que precisamente presentan máis dificultades para a súa sobrevivencia?

Como afirma o profesor Kabatek (1991: 47), no proceso de construción das grandes linguas nacionais, após a constitución dunha lingua común xorde normalmente a procura dunha “lingua exemplar” ou lingua estándar, pois

I prefer to put it, verbal hygienists”; e tamén considera que se a normatividade fai parte inalienábel do uso dunha lingua, abandonar en sentido xeral o prescriptivismo implica abandonar a lingua á súa sorte (p. 10).

20 E como afirma Moreira (2014: 275), “todas as linguas normalizadas da nosa contorna contan cun férreo modelo lingüístico e gozan dunha ampla protección por parte das súas correspondentes administracións”.

19 Para Cameron (1995: 5-10) o discurso antiprescritivista realiza xuízos de valor sobre as linguas igual que fai o discurso prescritivista e na súa opinión todas as persoas acreditan en que a lingua pode ser correcta ou incorrecta, boa ou má, máis ou menos elegante ou apropiada etc., de modo que, segunda ela, “[w]e are all of us closet prescriptivists – or, as

“só a existencia dunha lingua e a consecvente conciencia nacional dun pobo pode provoca-la vontade de creación dunha lingua estándar”. Acrecenta que na Galiza “naceu a vontade de creación dun galego exemplar para que non fose necesario o uso do castelán en certos ámbitos da sociedade”. Implicitamente estáse a recoñecer que só a constitución dese ‘galego exemplar’ –que tamén podemos denominar galego de calidade– pode competir co castelán e aspirar a ocupar algunhas das súas funcións. Sinala este mesmo autor tres bases para a normalización do galego: (i) creación dun sistema lingüístico común, (ii) extensión dese sistema a todos os niveis e (iii) creación de realizacións concretas dentro do sistema do galego estándar, “de *normas* históricas propias”, base que considera como a máis importante para o futuro do galego, mais tamén como a máis complicada e de maior duración “porque se trata da cristalización de tradicións”. O galego podería tomar como base a adaptación de tradicións xa existentes no castelán ou na tradición propia, aínda que sexan pouco coñecidas ou pouco valorizadas polos/as falantes. De optar pola primeira posibilidade, o resultado sería “unha lingua híbrida con pouca esperanza de supervivencia” e, de escoller a segunda, “unha lingua con identidade propia, coa consecvente perspectiva de aceptación igualitaria fronte ás outras linguas románicas”. Na realidade, para o autor tal identidade xa existe porque existen moitos e moitas falantes que actualmente utilizan un “bo galego” tamén no nivel culto. Termina o lingüista alemán o traballo citado aludindo a que a elaboración dunha lingua non se pode limitar ao que vimos chamando normativización e normalización, pois

fai falla tamén o fomento da creación e do uso do bo galego, e isto non só na literatura mais tamén alí onde a lingua ten a súa maior difusión: nas funcións cara ó público, no ensino, na política, na administración e nos medios de comunicación, porque esta lingua pública debería tamén ser lingua exemplar, un instrumento de comunicación digno de ser punto de orientación para os falantes (Kabatek 1991: 48).

Repárese en que estas liñas foron escritas no ano 1991 e nelas xa se vén dicindo que a planificación do galego non se debe centrar só en lle dar unha norma e en estender o seu uso social, tamén é preciso crear un “bo galego”, unha “lingua exemplar” que se converta en instrumento de comunicación “digno” para as funcións públicas que está a asumir e para servir de modelo aos falantes. U-la diferenza coa proposta de ‘lingua de calidade’ que algunhas persoas fixemos máis explícita e concreta nos finais da primeira década deste século, mais que xa estaba presente na sociedade galega cando menos desde o século XIX (véxase o traballo de X. M. Sánchez Rei neste mesmo volume). Como di Teresa Moure (2011: 108) ao falar de trazos concretos como marcadores da calidade lingüística (futuro de

subxuntivo, infinitivo flexionado, interpolacións pronominais etc.), moitas desas formas “son recoñecíbeis na fala das persoas de máis idade; non son algo inventado, ou alleo, ou exclusivo das xentes da escrita”; porén, cada vez son menos usadas e “ou ben recuperamos estas formas diferenciais, ou ben pasamos a falar un galego que, curiosamente, coincide na súa gramática punto por punto co español”. Preservar eses trazos característicos é preservar a ‘dignidade da lingua’, que vén sendo a dignidade das persoas que a falan, como ben di Kabatek (2011) ao se referir a unha persoa galega concreta que reivindicaba esa dignidade:

La dignidad de la que habla el gallego de la introducción, sin embargo, no puede ser la dignidad general del lenguaje, pues cualquier discurso –mezclado, puro, plurilingüe, vulgar, familiar, académico, etc.– es expresión de esa dignidad universal. El gallego parece hablar de otra cosa, de la invasión de aquel neohablante en un terreno que considera como suyo, que identifica con sus antepasados y que defiende porque le parece digno de conservación. Esta dignidad es la *dignidad de la lengua*, la cual no es otra cosa que la dignidad de sus hablantes, una dignidad que es dada por el carácter histórico mismo de la lengua, esa historicidad que lleva en sí los recuerdos de las generaciones anteriores y de los otros presentes que la comparten. La historicidad no se opone al futuro, es su condición. Pero se opone a la demagogia de los que predicán el futuro desde la hibridez actual, sin saber si este futuro jamás se producirá y sin tener que vivirlo ellos mismos.

Interesantes e clarificadoras palabras que confrontan o discurso da hibridación co futuro das linguas minorizadas.

5. Conclusión

Comezamos este traballo dando conta da aceleración do proceso de substitución lingüística na Galiza no tránsito intersecular, cunha importante perda de falantes que sitúa o galego como lingua claramente minoritaria no ámbito urbano e entre a xente nova cando o século XXI xa camiña pola súa segunda década. A seguir, situamos o galego nunhas coordenadas xerais de contacto de linguas en que a diminución do número de falantes da lingua dominada costuma ir acompañada dunha forte erosión das súas estruturas internas; coas características que lles son propias, estes dous procesos conflúen no caso do galego, que se posiciona entre as linguas ameazadas do mundo.

A partir destas consideracións, o traballo céntrase na penetración masiva de castellanismos, que están a interferir todos os planos do galego, pondo así

en perigo a súa viabilidade como lingua autónoma, e máis especificamente na castelanización da lingua oral. Após unha revisión das variedades lingüísticas faladas na Galiza e das modalidades do galego oral, cunha particular atención ao castrapo, ao galego popular e ao novo galego urbano, tírase en conclusión que entre os modelos estándar de español e de galego existen unha serie de variedades intermedias, máis ou menos híbridas, que apuntan maioritariamente na dirección da converxencia co español, en ocasións como etapas transitorias en canto non se obtén a competencia acaída nesta lingua; só o chamado novo galego urbano, en xeral coincidente co galego das persoas neofalantes, apunta claramente na liña de revitalización do galego, embora presente deficiencias estruturais importantes.

Outro aspecto que se analiza é o da calidade da lingua, a comezar pola propia definición do concepto, a súa utilización en ámbitos extragalegos e a súa adaptación ao contexto galego como unha condición imprescindible para a sobrevivencia da lingua propia. Confróntase este concepto co de purismo, do cal se distancia nos obxectivos e nos métodos, e defínese fundamentalmente pola depuración de castelanismos superfluos e pola recuperación e/ou revitalización de formas propias. Tamén se confronta co paradigma da hibridación, do cal se presenta como antitético por esta implicar no caso do galego a presenza de numerosas interferencias do español, nomeadamente na lingua oral. A hibridación formúlase como un eufemismo da españolización do galego e rexéitase como paradigma válido para a revitalización de linguas en situación de minorización, cal o galego. Polo contrario, o discurso hibridista resulta ser máis ben un mecanismo que favorece as grandes linguas dos estados e que opera en contra das linguas minorizadas e da diversidade lingüística.

Referencias bibliográficas

- ÁLVAREZ BLANCO, R. & FERNÁNDEZ REI, F. & SANTAMARINA, A. (eds.) (2004): *A Lingua Galega: Historia e Actualidade. Actas do I Congreso Internacional* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega & Instituto da Lingua Galega).
- ÁLVAREZ CÁCCAMO, C. (1989): “Variaçom lingüística e o factor social na Galiza”, *Hispanic Linguistics* 2/2, 253-298.
- ÁLVAREZ CÁCCAMO, C. (1990): “Rethinking conversational code-switching: Codes, speech varieties, and contextualization”, en *Proceedings of the Sixteenth Annual Meeting of the Berkeley Linguistics Society, February 16-19, 1990. General Session and Parasession on the Legacy of Grice*, 3-16 (Berkeley: Berkeley Linguistics Society).

- ÁLVAREZ CÁCCAMO, C. (1998): “From ‘switching code’ to ‘codeswitching: Toward a reconceptualization of communicative codes”, en Auer, P. (ed.), *Code-Switching in Conversation. Language, Interaction and Identity*, 29-48 (London: Routledge).
- ÁLVAREZ CÁCCAMO, C. (2000): “Para um modelo do ‘code-switching’ e a alternância de variedades como fenómenos distintos: dados do discurso galego-português / espanhol na Galiza”, *Estudios de Sociolingüística* 1(1), 111-128.
- ÁLVAREZ DE LA GRANJA, M. & LÓPEZ MEIRAMA, B. (2013): “A presenza do galego no léxico dispoñible do español de Galicia. Análise distribucional”, en GUGENBERGER, E. *et al.* (eds.), 49-96.
- ÁLVAREZ, R. & VILAVEDRA, D. (coords.) (1999): *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, vol. 1, 855-875 (Santiago de Compostela: Universidade).
- AMORÓS NEGRE, C. (2008): *Norma y estandarización* (Salamanca: Luso-Española de Ediciones).
- ANNAMALAI, E. (1989): “The linguistic and social dimensions of purism”, en JERNUDD, B. & SHAPIRO, M. (eds.), *The Politics of Language Purism* (Berlin & Nova York: Mouton de Gruyter).
- BOIX I FUSTER, E. & XAVIER VILA I MORENO, X. (1998): *Sociolingüística de la llengua catalana* (Barcelona: Ariel).
- BOUTET, J. (1995): “Qualité de la langue et variation”, en ELOY, J.-M. (ed.), 73-86.
- BREZZINGER, MATTHIAS (1997): “Language contact and language displacement”, en Coulmas, F. (ed.), *The handbook of sociolinguistics*, 273-284 (Oxford: Basil Blackwell).
- CALVET, L.-J. (1998): *(Socio)lingüística* (Santiago de Compostela: Laivento).
- CAMERON, D. (1995): *Verbal Hygiene* (London & New York: Routledge).
- CASTILLO LLUCH, M. & KABATEK, J. (eds.) (2006): *Las lenguas de España. Política lingüística, sociología del lenguaje e ideología desde la Transición hasta la actualidad* (Madrid: Iberoamericana & Vervuert).
- CASTRO, R. DE (1863): *Cantares gallegos* (Vigo: Imp. de Juan Compañel).
- CASTRO LOPES, M. (2010) [1999]: “Detecçom e análise da coloquialidade, expressividade e linguagem enfática provenientes do espanhol”, en COMISSOM LINGÜÍSTICA DA AGAL (org.): *Por um galego extenso e útil*, 77-104 (s. l.): Através).
- CHANTEFORT, P. (1980): “Pour une définition de la qualité de la langue”, en *Actes du colloque “La qualité de la langue... après la loi 101”. Québec, 30 septembre - 3 octobre 1979* (Québec: Gouvernement du Québec) [Dispoñíbel en http://www.cslf.gouv.qc.ca/bibliotheque-virtuelle/publication.html/?tx_iggcplus_pi4%5bfile%5d=publications/pubd103/d103-ii.html] [Consulta: 03/02/2014].

- CIDRÁS ESCÁNEO, F. A. (1994): “Modelos de lingua e variación sintáctica”, *Cadernos de Lingua* 10, 103-118.
- COROMINES, J. (1976): “Sobre a unificación ortográfica galego-portuguesa”, *Grial* 53, 277-282.
- COUPLAND, N. (2003): “Sociolinguistic authenticities”, *Journal of Sociolinguistics* 7, 3, 417-430.
- COUPLAND, N. (2010): “The authentic speaker and the speech community”, en LLAMAS, C. & WATT, D. (eds.): *Language and identities*, 99-112 (Edinburg: Edinburg University Press).
- DANON-BOILEAU, L. (1995): “Qualité de la langue, qualité d’écoute, qualité de langage”, en ELOY, J.-M. (ed.), 65-71.
- DE PIETRO, J.-F. (1995): “Francophone ou romand? Qualité de la langue et identité linguistique en situation minoritaire”, en ELOY, J.-M. (ed.), 223-250.
- DÍAZ PARDO, I. (1987): *Galicia hoy y el resto del mundo* (Sada-A Coruña: O Castro).
- DIESTE, R. (1981): *Antre a terra e o ceo* (Sada-A Coruña: O Castro).
- DOBAO, X. A. L. (1999): “Un máster de galego na aldea. Discursos (e silencios) públicos ó redor do galego oral”, en Álvarez, R. & Vilavedra, D. (eds.), vol. 1, 349-366.
- DUBERT GARCÍA, F. (2002): “Os sociolectos galegos”, *Cadernos de Lingua* 24, 5-27.
- DUBERT GARCÍA, F. (2005): “Interferencias del castellano en el gallego popular”, *Bulletin of Hispanic Studies* 82/3, 271-292.
- DUBERT GARCÍA, F. (2008): “Y-o sapo que oía repuxo: Cró, cról!: ¿é posible filosofar en galego popular?”, en CORRAL DÍAZ, E. et al. (eds.), *A mi dízen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*, 449-457 (Santiago de Compostela: Universidade).
- ELOY, J.-M. (1995): “Les qualités de la langue: une question à prendre au sérieux”, en ELOY, J.-M. (ed.), 387-426.
- ELOY, J.-M. (ed.) (1995): *La qualité de la langue? Le cas du français* (Paris: Honoré Champion).
- FERNÁNDEZ REI, F. & HERMIDA GULÍAS, C. (1996): *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- FERNÁNDEZ SALGADO, B. (2003): “Pureza e contaminación na estandarización da lingua”, en ÁLVAREZ DE LA GRANJA, M. & GONZÁLEZ SEOANE, E. X. (eds.): *A estandarización do léxico*, 93-127 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- FERNÁNDEZ SALGADO, B. & MONTEAGUDO, H. (1993): “The Standardization of Galician: The State of the Art”. *Portuguese Studies*, 9, 200-213.
- FERNÁNDEZ SALGADO, B. & MONTEAGUDO ROMERO, H. (1995): “Do galego literario ó galego común. O proceso de estandarización na época contemporánea”, en MONTEAGUDO, H. (ed.): *Estudios de sociolingüística galega. Sobre a norma do galego culto*, 99-176 (Vigo: Galaxia).
- FERNÁNDEZ SALGADO, X. A. (2004): “A interferencia do castelán no léxico galego: o castelanismo como recurso eufemístico”, en ÁLVAREZ BLANCO, R. et al. (eds.), vol. 1, 501-507.
- FERRO RUIBAL, X. (1996): *Cadaquén fala coma quen é. Reflexións verbo da fraseoloxía enxebre* (A Coruña: Real Academia Galega).
- FISHMAN, J. (1991): *Reversing language shift. Theoretical and empirical foundations of assistance to threatened languages* (Clevedon: Multilingual Matters).
- FISHMAN, J. (2006): *Do not leave your language alone. The hidden status agendas within corpus planning in language policy* (London: Routledge).
- FORMOSO GOSENDE, V. (2013): *Do estigma á estima. Propostas para un novo discurso lingüístico* (Vigo: Xerais).
- FRANQUESA, E. & SABATÉ, J. (coords.) (2006): *Màrqueting lingüístic i consum* (Barcelona: Trípodos).
- FREITAS JUVINO, M. P. (2008): *A represión lingüística en Galiza no século XX. Aproximación cualitativa á situación sociolingüística de Galiza* (Vigo: Xerais).
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2009): *Lingua de calidade* (Vigo: Xerais).
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2010a): “Galician as a Threatened Language: The Process of Linguistic Substitution in Galicia”, *Arena Romanística* 6, 208-231.
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2010b): “Les voies d’avenir de la langue galicienne à l’ère de la globalisation”, *Diacrítica* 24/1, 491-521.
- FREIXEIRO MATO, X. R. (2010c): “Perigos, incertezas e perspectivas de futuro para a lingua galega”, en SANMARTÍN REI, G. (ed.): *Lingua e futuro*, 13-53 (Ames: Laiovento).
- GARCÍA, C. (1976): “Interferencias lingüísticas entre gallego y castellano”, *Revista Española de Lingüística* 6/2, 327-343.
- GLARCÍA B[LANCO], M. (1912): *Consideraciones sobre la decadencia y rehabilitación de la lengua gallega* (Lugo: El Norte de Galicia).
- GARCÍA NEGRO, M. P. (2009): *De fala a lingua: un proceso inacabado* (Ames: Laiovento).
- GONÇALES BLASCO, L. (2010) [2000]: “Quem está a deturpar o idioma galego?”, EN COMISSOM LINGÜÍSTICA DA AGAL (org.): *Por um galego extenso e útil*, 145-168 (ls. I.): Através).
- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (dir.) (2007): *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*. Vol. 1: *Lingua inicial e competencia lingüística en Galicia* (A Coruña: Real Academia Galega).

- GONZÁLEZ GONZÁLEZ, M. (dir.) (2009): *Mapa sociolingüístico de Galicia 2004*. Vol. 2: *Usos lingüísticos en Galicia* (A Coruña: Real Academia Galega).
- GRAÑA NÚÑEZ, X. (1991): “Aproximación ó castellanismo”, en BREA, M. & FERNÁNDEZ REI, F. (coords.): *Homenaxe ó profesor Constantino García*, vol. 2, 69-81 (Santiago de Compostela: Universidade).
- GRAÑA NÚÑEZ, XOSÉ (1993): *Vacilacións, interferencias e outros ‘pecados’ da lingua galega* (Vigo: Ir Indo).
- GUGENBERGER, E. (2013): “O cambio de paradigma nos estudos sobre contacto lingüístico: pode ser útil o concepto de hibrididade para a lingüística e a política de linguas en España?”, en GUGENBERGER, E. *et al.* (eds.), 19-47.
- GUGENBERGER, E. *et al.* (eds.) (2013): *Contacto de linguas, hibrididade, cambio: contextos, procesos e consecuencias* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).
- HAGÈGE, C. (2000): *Halte à la mort des langues* (París: Odile Jacob).
- HALL, R. A. Jr. (1950): *Leave your language alone* (New York: Ithaca).
- HERMIDA GULÍAS, C. (2008): “A cantidade e a calidade do galego nos medios”, en FREIXEIRO MATO, X. R. *et al.* (eds.): *Lingua e Comunicación. IV Xornadas sobre Lingua e Usos*, 57-73 (A Coruña: Universidade).
- IGLESIAS ÁLVAREZ, A. (2013): “‘Eu falo castrapo’. Actitudes dos adolescentes ante a mestura de linguas en Galicia (estudio piloto)”, en GUGENBERGER, E. *et al.* (eds.), 169-190.
- JERNUDD, B. H. & SHAPIRO, M. J. (eds.) (1989): *The Politics of Language Purism* (Amsterdam: John Benjamins).
- KABATEK, J. (1991): “Interferencias entre galego e castelán: problemas do galego estándar”, *Cadernos de Lingua* 4, 39-48.
- KABATEK, J. (1994): “Variedades lingüísticas e competencia comunicativa”, *Cadernos de Lingua* 10, 7-18.
- KABATEK, J. (1997): “Dime cómo hablas y te diré quién eres. Mezcla de lenguas y posicionamiento social”, *Revista de Antropología Social* 6, 215-236.
- KABATEK, J. (2000) [1996]: *Os falantes como lingüistas. Tradición, innovación e interferencias no galego actual* (Vigo: Xerais).
- KABATEK, J. (2011): “Algunos apuntes acerca de la cuestión de la ‘hibridez’ y de la ‘dignidad’ de las lenguas iberorrománicas”, en CONGOSTO, Y. & MÉNDEZ, E. (coords.): *Variación lingüística y contacto de lenguas en el mundo hispánico: in memoriam Manuel Alvar*, 271-289 (Madrid: Iberoamericana) [Disponible en <http://www.uni-tuebingen.de/kabatek/hibrid.pdf>].
- LANGER, N. & DAVIES, W. V. (eds.) (2005): *Linguistic purism in the Germanic languages* (Berlin & New York: Walter de Gruyter).
- LARREULA, E. (2002): *Dolor de llengua* (València & Barcelona: Edicions 3i4).

- LORENZO, R. (2004): “Emerxencia e decadencia do galego escrito (séculos XIII-XVI)”, en ÁLVAREZ BLANCO, R. *et al.* (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional (16-20 de setembro de 1996, Santiago de Compostela)*, vol. 3: 27-153 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega & Instituto da Lingua Galega).
- MARFANY, J.-LL. (2008): *Llengua, nació i diglòssia* (Barcelona: L’Avenç).
- MARTÍ I CASTELL, J. (2006): “Les llengües, objects de mercat”, en Franquesa, E. & Sabaté, J. (coords.), 47-62.
- MAURAS, J. (1999): *La qualité de la langue: un projet de société* ([Québec]: Conseil de la Langue Française. [Disponible en <http://www.cslf.gouv.qc.ca/publications/pubbb147/b147.pdf>] [Consulta: 03/02/2014]).
- MONTEAGUDO, H. (1997): “Modelos de lingua. Consideracións teóricas ó fío do debate sobre a estandarización do galego”, *Cadernos de Lingua* 16, 5-33.
- MONTEAGUDO, H. (2005): “Do uso á norma. Da norma ao uso (Variación sociolingüística e estandarización do idioma galego)”, en ÁLVAREZ, R. & MONTEAGUDO, H. (eds.): *Norma lingüística e variación. Unha perspectiva desde o idioma galego*, 377-436 (Santiago de Compostela: Consello da Lingua Galega & Instituto da Lingua Galega).
- MONTEAGUDO, H. (2012): *Facer país co idioma. Sentido da normalización lingüística* (A Coruña: Real Academia Galega).
- MONTEAGUDO, H. & SANTAMARINA, A. (1993): “Galician and Castilian in contact: historical, social and linguistic aspects”, en POSNER, R. & GREEN, J. N. (eds.): *Trends in Romance linguistics and philology*. Vol. 5: *Bilingualism and linguistic conflict in Romance*, 117-173 (Berlin & New York: Mouton de Gruyter).
- MOREIRA BARBEITO, M. (2014): *Contra a morte das linguas. O caso do galego* (Vigo: Xerais).
- MORENO FERNÁNDEZ, F. (1998): *Principios de sociolingüística y sociología del lenguaje* (Barcelona: Ariel).
- MOURE, T. (2011): *Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética* (A Coruña: Universidade).
- NEUSTUPNY, J. V. (1989): “Language purism as a type of language correction”, en BJÖRN H. & SHAPIRO, M. J. (eds.), 211-223.
- O’ROURKE, B. & RAMALLO, F. (2013): “‘A miña variedade é defectuosa’: a lexitimidade social das neofalas”, *Estudos de Lingüística Galega* 5, 89-103.
- O’ROURKE, B. & RAMALLO, F. (2010): “Los nuevos hablantes de lenguas minoritarias: una comparación entre Irlanda y Galicia”, en RIDRUEJO, E. & MENDIZÁBAL, N. (eds.), *Actas del IX Congreso Internacional de Lingüística General, 1684-1700* (Valladolid: Universidad).
- O’ROURKE, B. & RAMALLO, F. (2011): “The native-non-native dichotomy in minority language contexts: Comparisons between Irish and Galician”, *Language Problems and Language Planning* 35: 2, 139-159.

- O'ROURKE, B. & RAMALLO, F. (2013): "Competing ideologies of linguistic authority amongst new speakers in contemporary Galicia", *Language in Society* 42:3, 287-305.
- O'ROURKE, B. & RAMALLO, F. (2014): "Neofalantes as an active minority: Understanding language practices and motivations for change amongst new speakers of Galician", *International Journal of the Sociology of Language*, 231. Special Issue on New Speakers of European Minority Languages.
- PARGA VALIÑA, M. (2004): "A interferencia lingüística no galego oral", en ÁLVAREZ, R. & VILAVEDRA, D. (coords.), vol. 1, 789-808.
- PAYRATÓ, LL. (1985): *La interferència lingüística. Comentaris i exemples català-castellà* (Barcelona: Curial Edicions Catalans, Publicacions de l'Abadia de Montserrat).
- PAZOS, M.-LI. (1990): *L'amenaça del català light* (Barcelona: Tibidabo).
- PERICAY, X. & TOUTAIN, F. (1986): *Versinosa Llengua* (Barcelona: Empúries).
- POLÍN, R. (1994): *A poesía lírica galego-castelá (1350-1450)* (Santiago de Compostela: Universidade).
- RAMALLO, F. (2010): "Cara a unha tipoloxía dos falantes de galego", en SILVA VALDIVIA, B. et al. (eds.): *Educación e linguas en Galicia*, 15-37 (Santiago de Compostela: Universidade).
- RAMALLO, F. (2013): "Neofalantismo", en GUGENBERGER, E. et al. (eds.), 247-260.
- RECALDE, M. (2003): "The Castilianist theory of the origin of the gheada revisited", en *Estudios de Sociolingüística* 3(2)/4(1), 43-74.
- REGUEIRA, X. L. (1994): "Modelos fonéticos e autenticidade lingüística", *CADERNOS DE LINGUA* 10, 37-60.
- REGUEIRA, X. L. (1997): "Elementos para a definición dun modelo fonético estándar da lingua galega", en FERNÁNDEZ SALGADO, B. (ed.): *Proceedings of the 4th International Conference on Galician Studies (Univ. of Oxford, 1994) / Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos (Univ. de Oxford, 1994)*, vol. 1, 179-194 (Oxford: Centre for Galician Studies).
- REGUEIRA, X. L. (1999): "Estándar oral e variación social da lingua galega", en ÁLVAREZ, R. & VILAVEDRA, D. (coords.), vol. 1, 855-875.
- REGUEIRA, X. L. (2003): "Lingua falada e estándar escrito: o galego desde o Rexurdimento á modificación ortográfica do 2003", *Galicia dende Salamanca* 4, 186-220.
- REGUEIRA, X. L. (2005): "Estándar oral", en ÁLVAREZ, R. & MONTEAGUDO, H. (eds.), 69-95.
- REGUEIRA, X. L. (2009): "Cambios fonéticos e fonolóxicos no galego contemporáneo", *Estudios de Lingüística Galega* 1, 147-167.
- REGUEIRA, X. L. (2012a): *Oralidades: reflexións sobre a lingua falada no século XXI* (A Coruña: Real Academia Galega).
- REGUEIRA, X. L. (2012b): "Autenticidade e calidade da lingua: purismo e planificación lingüística no galego actual", *Estudios de Lingüística Galega* 4, 187-201.
- REGUEIRA, X. L. (2013): "Estándar oral e modelos de lingua", *A letra miúda* 2, 1-23 (Dispoñible en http://coordinadoraendl.org/aletramiuda/index.php?art=art2_n2.html).
- ROSENBLAT, Á. (1984) [1975]: "El criterio de corrección lingüística: unidad o pluralidad de normas en el castellano de España y América", en ROSENBLAT, A. (ed.): *Estudios sobre el español de América*, 311-337 (Caracas: Monte Ávila Editores).
- ROYO, J. (1992): *Una llengua és un mercat* (Barcelona: Edicions 62).
- RUBIN, J. & JERNUDD, B. H. (eds.) (1971): *Can language be planned? Sociolinguistic theory and practice for developing nations* (Honolulu: The University Press of Hawaii).
- SÁNCHEZ REI, X. M. (2011): *Lingua galega e variación dialectal* (Ames: Laivento).
- SANMARTÍN REI, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación lingüística* (Vigo: Xerais).
- SANTAMARINA, A. (2009): "Informe de Ramón Piñeiro á Real Academia Galega", *Boletín da Real Academia Galega* 370, 7-17.
- Shapiro, M. J. (1989): "A political approach to language purism", en JERNUDD, B. H. & SHAPIRO, M. J. (eds.), 21-29.
- SILVA VALDIVIA, B. (1991): "Tipoloxía das manifestacións de contacto lingüístico en Galicia: algunhas consideracións", *CADERNOS DE LINGUA* 4, 27-38.
- SILVA VALDIVIA, B. (1994): "Cambios de código, alternancias e interferencias lingüísticas: unha perspectiva didáctica sociocomunicativa", en SILVA VALDIVIA, B. (ed.): *Didáctica da lingua en situación de contacto lingüístico*, 151-177 (Santiago de Compostela: Universidade).
- SILVA VALDIVIA, B. (2005): "Converxencia e diverxencia en certas estruturas morfosintácticas do galego", en ÁLVAREZ, R. & MONTEAGUDO, H. (eds.): *Norma lingüística e variación*, 259-283 (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega & Instituto da Lingua Galega).
- SILVA VALDIVIA, B. (2006): *Castelanismos morfosintácticos no galego. Avaluación da competencia do alumnado* (Santiago de Compostela: Instituto de Ciencias da Educación).
- SILVA VALDIVIA, B. (2013): "Galego e castelán: entre o contacto e a converxencia", en GUGENBERGER, E. et alii (eds.), 289-316.
- SOLÉ CAMARDONS, J. (2006): "Els usuaris lingüístics com a consumidors", en FRANQUESA, E. & SABATÉ, J. (coords.), 63-76.
- SOLÉ I CAMARDONS, J. (2001): *El poliedre sociolingüístic. Una iniciació a la sociolingüística del conflicte* (València & Barcelona: Eliseu Climent).

- THOMAS, G. (1991): *Linguistic purism* (London: Longman).
- TOBÍO, L. (1973): “Gondomar e o galego”, *Grial* 40, 133-144.
- TORRENT, A. M. (2006): “Publicitat i llengua”, en FRANQUESA, E. & SABATÉ, J, (coords.), 107-122.
- TUBAU, I. (1990): *El catalá que ara es parla. Llengua i periodisme a la ràdio i la televisió* (Barcelona: Empúries).
- VALLE, J. DEL (ed.) (2007): *La lengua, ¿patria común? Ideas e ideologías del español* (Frankfurt am Main & Madrid: Vervuert & Iberoamericana).
- WEINREICH, U.(1979) [1953]: *Languages in contact. Findings and problems* (The Hague & Paris & New York: Mouton).
- VIDAL FIGUEIROA, T. (1997): “Estructuras fonéticas de tres dialectos de Vigo”, *Verba* 24, 313-332.
- WILDGEN, W. (2003): “The roots of purism and its relevance for minor languages and dialects (with reference to Plattdüütsch and Lëtzebuergesch)”, en BRINCAT, J. & BOEDER, W. & STOLZ, T. (eds.), *Purism in minor languages, endangered languages, regional languages, mixed languages. Papers from the conference on ‘Purism in the Age of Globalisation’ in Bremen, September 2001*, 11-26 (Bochum: Universitätsverlag Dr. N. Brockmeyer).